



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1785/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 19 de novembro de 2024

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a M^a José Caride Estévez
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a Elena Espinosa Mangana

Na Casa do Concello de Vigo, ás oito horas e cincuenta e cinco minutos do día dezanove de novembro de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(930).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión segundo consta nas dilixencias dos servizos incorporadas nos expedientes que se someten a aprobación na presente sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade

na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(931).- INFORME AO RECURSO ESPECIAL PRESENTADO POR SAMYL FACILITY SERVICES, SL, CONTRA A ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DAS DEPENDENCIAS DA CASA DO CONCELLO E OUTROS EDIFICIOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS. EXPTE. 8173/252.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 15/11/2024. asinado pola xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1785/1102

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo de limpeza das dependencias da Casa do Concello e outros edificios e instalacións municipais do Concello de Vigo (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo de limpeza das dependencias da Casa do Concello e outros edificios e instalacións municipais do Concello de Vigo (PPT).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 9 de agosto de 2024, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en diante XGL), aprobou o expediente de contratación, por procedemento aberto do servizo de limpeza das dependencias da Casa do Concello e outros edificios e instalacións municipais do Concello de Vigo, así como a autorización do correspondente gasto e a apertura do procedemento de licitación.

Segundo.- O anuncio de licitación deste procedemento publicouse o 13 de agosto de 2024 no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, iniciándose o prazo de presentación de ofertas ese mesmo día e fixándose como data final o 9 de setembro de 2024 as 23.59.

Terceiro.- Unha vez publicado o anuncio de licitación se solicitaron aclaracións aos pregos. Así, diversos interesados formularon 12 cuestións, entre o 13 de agosto e o 6 de setembro, que foron respondidas polo órgano de contratación en sendos escritos de 26 de agosto e 11 de setembro de 2024.

Cuarto.- En data 30 de agosto de 2024, D^a. María do Tránsito Fernández Fernández, en nome e representación da Federación de Servizos da Confederación Intersindical Galega na súa cualidade de secretaria Nacional, interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), impugnando o Prego de Prescricións Técnicas Particulares que rexe a presente licitación. Este recurso foi inadmitido por resolución do TACGAL nº 137/2024 de 19 de setembro de 2024.

Quinto.- En data 2 de setembro de 2024, D^a. María do Tránsito Fernández Fernández, en nome e representación da Federación de Servizos da Confederación Intersindical Galega na súa cualidade de secretaria Nacional, interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), impugnando a memoria económica elaborada polo órgano de contratación no marco do expediente de referencia. Este recurso foi desestimado por resolución do TACGAL nº 141/2024 de 24 de setembro de 2024.

Sexto.- Durante o prazo de presentación de ofertas presentaron oferta os seguintes licitadores:

1. LIMPIEZAS CIES, SL

2. UTE NORTEX OUTSOURCING GLOBAL, SL (80 %) - NORINTEGRA, S.L. (20 %)
3. ONET IBERIA SOLUCIONES, SAU
4. SAMYL FACILITY SERVICES, SL
5. SENIOR, SERVICIOS INTEGRALES, SA
6. SERVICIOS INDUSTRIALES REUNIDOS, SAU

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de 27 de setembro de 2024, tras a apertura e cualificación dos documentos que compoñen o sobre A “Documentación persoal”, acordou admitilos a todos neste procedemento e a continuación procedeu a apertura do sobre B e a solicitar informe técnico ao servizo xestor.

Sétimo.- A Mesa, en sesión de 3 de outubro de 2024, aceptou o informe asinado polo xefe do Servizo de Limpeza o 30 de setembro de 2024 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor” e acordou excluír deste procedemento a LIMPIEZAS CIES, SL por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A do Anexo I (FEC) do PCAP. Na mesma sesión se procedeu a apertura e desenscriptación do sobre C “Proposición avaliable mediante fórmula” dos licitadores admitidos, e a solicitar informe de valoración ao servizo xestor. Así mesmo iniciouse o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con SENIOR, SERVICIOS INTEGRALES, SA., por conter a súa oferta valores anormais.

Oitavo.- Na sesión da Mesa de Contratación do 10 de outubro acordouse aceptar a xustificación da baixa con valores anormais ou desproporcionados presentada por SENIOR, SERVICIOS INTEGRALES, SA. A continuación entregouse o informe asinado polo xefe do Servizo de Limpeza e o xefe da Área de Inversións o 7 de outubro de 2024 de valoración do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” coa proposta de clasificación. Por último a Mesa acordou clasificar aos licitadores na seguinte orde descendente:

ORDE	EMPRESAS LICITADORAS	PUNTUACIÓN TOTAL
1º	ONET IBERIA SOLUCIONES, SAU	84,86
2º	UTE NORTEX OUTSOURCING GLOBAL, SL - NORINTEGRA, S.L.	78,03
3º	SAMYL FACILITY SERVICES, SL	72,64
4º	SENIOR, SERVICIOS INTEGRALES, SA	62,91
5º	SERVICIOS INDUSTRIALES REUNIDOS, SAU	30,19

así como solicitar documentación ao primeiro clasificado.

Noveno.- En data 18 de outubro de 2024 a XGL acordou a adxudicación deste procedemento a ONET IBERIA SOLUCIONES, SAU. Este acordo foi notificado ao adxudicatario e publicado no perfil de contratante deste Concello o mesmo día.

Décimo.- En data 8 de novembro de 2024, D. Pablo Gutiérrez Pérez de Lis, en nome e representación de SAMYL FACILITY SERVICES, SL, interpón recurso especial ante o



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1785/1102

TACGAL contra a resolución da XGL de data 18 de outubro de 2024 de adxudicación deste procedemento.

Undécimo.- En data 11 de novembro de 2024, D. Bartolomé Pidal Diéguez, en nome e representación de NORTEX OUTSOURCING GLOBAL, SL, e de NORINTEGRA, SL, empresas que concorreron a esta licitación conjuntamente en UTE, "UTE NORTEX NORINTEGRA", interpón recurso especial ante o TACGAL contra a resolución da XGL de data 18 de outubro de 2024 de adxudicación deste procedemento.

Duodécimo.- O TACGAL notificou a esta Administración a interposición dos recursos e solicitoulle a remisión do expediente xunto co informe do órgano de contratación de ambos recursos. Recibida esta notificación, o servizo de Contratación solicitou informe ao servizo xestor do expediente, Limpeza, que os emite en data 15 de novembro.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Obxecto deste recurso especial en materia de contratación

É obxecto da presente impugnación o acordo de adxudicación do procedemento aberto do servizo de limpeza das dependencias da Casa do Concello e outros edificios e instalacións municipais do Concello de Vigo a ONET IBERIA SOLUCIONES, SAU, aprobado polo órgano de contratación o 18 de outubro de 2024. No entanto é preciso matizar que o recorrente en realidade está impugnando os pregos que rexe a presente licitación, por canto as súas alegacións diríxense a impugnar un dos criterios de adxudicación deste procedemento, en concreto, o relativo á "Redución do importe da parte fixa do contrato", previsto no apartado 7.B.3.1. das Follas de Especificacións do contrato (FEC), contidas no ANEXO I do PCAP. E so a título de exemplo da suposta arbitrariedade interpretativa do órgano de contratación, sen entrar en valoración nin achegar elementos probatorios, se refire na alegación segunda do seu escrito de recurso, no parágrafo final da páxina 14 que continúa na 15, a datos concretos da súa oferta.

-II-

Legislación aplicable

É preciso comezar por determinar a legislación aplicable ao presente contrato. Os contratos se rexe en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola legislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

-III-

Competencia do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia para a resolución do recurso

A lexislación de contratos (artigos 44 a 60 LCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe aos recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 44.1 LCSP. Estes contratos son:

- Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a tres millóns de euros, e de subministración e servizos que teñan un valor estimado superior a cen mil euros.
- Acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición que teñan por obxecto a subscripción dalgún dos contratos tipificados na letra anterior, así como os contratos baseados en calquera deles.
- Concesións de obras ou de servizos cuxo valor estimado supere os tres millóns de euros.
- Contratos administrativos especiais cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu prezo de licitación ou, noutro caso, cando o seu valor estimado sexa superior ao establecido para os contratos de servizos.
- Contratos subvencionados e as encargas cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu importe ou, noutro caso, cando este, tendo en conta a súa duración total máis as prórrogas, sexa igual ou superior ao establecido para os contratos de servizos.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1785/1102

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 44.7 LCSP), podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando estas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 46.4 LCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

Creado o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, por acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de febreiro de 2018, procedeuse ó nomeamento dos seus membros. Este Tribunal, unha vez constituído, adoptou o acordo de establecer como data de comenzo do exercicio das súas funcións, previstas no artigo 35 bis, o 2 de abril de 2018.

-IV-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

Os requisitos necesarios para a admisión do recurso se prevén nos artigos 44, 48, 50 e 51 da LCSP. Se ben a tarefa de analizar se concorren os mesmos no presente recurso lle corresponde ao Tribunal, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia, a efectos de formular alegacións sobre o fondo do mesmo no presente informe en caso de que concorran e, no caso contrario, de solicitar do Tribunal a inadmisión deste.

A) En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos ditados no curso dos procedementos de contratación citados no fundamento xurídico terceiro deste informe (artigo 44.2 LCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso, considerarase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos cales se acorde a admisión ou inadmisión de candidatos ou licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149.
- c) Os acordos de adxudicación.

- d) As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da presente lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.
- e) A formalización de encargos a medios propios nos casos en que estes non cumpran os requisitos legais.
- f) Os acordos de rescate de concesións.

Así, a impugnación do acordo de adxudicación é susceptible de recurso especial en materia de contratación. No entanto, tal e como se relatou no fundamento xurídico primeiro, o presente recurso, se ben indica que impugna o acordo de adxudicación, en realidade se dirixe contra os pregos que rexen a presente licitación. É preciso ter en conta que a lei admite a impugnación dos pregos. A diferenza substancial é que o intre procedimental para impugnar os pregos é diferente ao de impugnación do acordo de adxudicación.

B) En relación cos **requisitos subxectivos**, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso (artigo 48 LCSP):

- As persoas físicas e xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, se visen prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto do recurso.
- As organizacións sindicais cando das actuacións ou decisións impugnables se poida deducir fundadamente que estas implican que no proceso de execución do contrato o empresario incumpre as obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores que participen na realización da prestación. En todo caso, entenderase lexitimada a organización empresarial sectorial representativa dos intereses afectados.

É dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, senon que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación *ad causam*. Para precisar esta cuestión é preciso acudir á xurisprudencia e á doutrina elaborada polos Tribunais Central e Territoriais de recursos contractuais. Neste caso, dado que o recorrente é un licitador, non ofrece dúbida a súa lexitimación para interpor o presente recurso especial.

C) Como **requisitos formais** a lei esixe que o recurso se presente por escrito (artigo 51 LCSP).

O **escrito de interposición do recurso** deberá especificar (artigo 51.1 LCSP):

- O acto do procedemento obxecto do recurso.
- Os medios de proba de que pretenda valerse o recorrente.
- As medidas cautelares cuxa adopción solicite.

Ao escrito de recurso deberá acompañarse a seguinte documentación:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1785/1102

- a) O documento que acredite a representación do comparecente, agás se figurase unido ás actuacións doutro recurso pendente perante o mesmo órgano, nese caso poderás solicitarse que se expida certificación para a súa unión ao procedemento.
- b) O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por habela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.
- c) A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente en que se ditase ou do boletín oficial ou perfil de contratante no que se publicou.
- d) O documento ou documentos no que funde o seu dereito.
- e) Un enderezo de correo electrónico «habilitado» ó que enviar, de conformidade coa disposición adicional décimo quinta, as comunicacións e notificacións.

O **escrito de interposición do recurso** deberá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, poderase presentar no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para resolver o recurso. Os escritos presentados en rexistros distintos destes dous últimos deberanse comunicar ao Tribunal de maneira inmediata e da forma máis rápida posible.

Circunstancias todas que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente no Rexistro Xeral do TACGAL.

D) Por último, respecto aos **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles. E a continuación establece as regras de cómputo do mesmo (artigo 50.1 e 2 LCSP).

O licitador manifesta impugnar o acordo de adxudicación. Neste caso o cómputo iníciase a partir do día seguinte a aquel en que esta se lles notificou, de conformidade co establecido na disposición adicional décimoquinta, aos candidatos ou licitadores que fosen admitidos no procedemento (artigo 50.1.d).

O recurso foi interposto no Rexistro do TACGAL en data 8 de novembro de 2024. Dado que o acordo de adxudicación foi notificado aos licitadores e publicado no perfil de contratante o día 18 de outubro de 2024, se consideramos que o recurso impugna o acordo de adxudicación, concluíramos que este foi presentado no prazo conferido ao efecto e polo tanto procedería admitir o recurso.

Se pola contra, tal e como ten manifestado a que subscribe, temos en conta as seguintes circunstancias concorrentes:

- As alegacións do recurso están dirixidas a impugnar un dos criterios de adxudicación mediante fórmula por conter factores de corrección da puntuación.

- O recorrente límitase a aportar doutrina de órganos consultivos e tribunais especiais en materia de contratación e xurisprudencia acerca dos criterios de adxudicación avaliábles mediante fórmula.
- O recorrente non achega probas da suposta arbitrariedade do órgano de contratación ao valorar a súa oferta ou a do adxudicatario ou dos demais licitadores.

Podemos concluir que o recorrente en realidade esta impugnando os pregos que rexen a presente contratación por non estar conforme con un dos citados criterios avaliábles mediante fórmula. En este caso o recurso resultaría extemporáneo por canto o prazo para impugnar o contido dos pregos e demais documentos contractuais, o cómputo iniciárase a partir do día seguinte a aquel en que se publicou no perfil de contratante o anuncio de licitación, sempre que neste se indicase a forma en que os interesados poden acceder a eles, como acontece neste caso. Dado que o anuncio publicouse no DOUE e no perfil de contratante o día 13 de agosto de 2024, o recurso foi presentado fora do prazo conferido ao efecto.

A xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, procede solicitar deste a inadmisión do recurso. No entanto, e por se o Tribunal acorda a súa admisión, no fundamento xurídico seguinte procederase a analizar o fondo do recurso.

-V-

Motivos de impugnación da resolución recorrida

O escrito de recurso presentado por SAMYL FACILITY SERVICES, SL, contén un único motivo de impugnación, pois no apartado de motivos o primeiro deles refírese á procedencia de admitir o presente recurso. Este sería o recollido no motivo segundo: *“Necesaria declaración de nulidad y/o anulabilidad de las fórmulas de penalidades (KA1 + KA2 + KA3 + KB0 + KB1 + KD0 + KD1 + KD2 + KD3 + KD4) previstas en la página 66 y siguientes del PCAP”.*

A postura do licitador resúmese en que considera que, tal e como dí no motivo 1 (páxina 3) *“las fórmulas de penalidades Ka1, Ka2, Ka3, Kb0, Kb1, Kd0, Kd1, Kd2, Kd3, Kd4, previstas en la página 66 y siguientes del PCAP, que desvirtúan la oferta económica de manera que da como resultado el hecho de otorgar la mayor puntuación relativa al criterio “baja respecto al precio fijo” a la empresa con la segunda menor baja, es decir, la segunda más cara”, e de non aplicarse as mesmas “esta mercantil debería haber quedado clasificada en primer lugar”.* Ao longo do motivo de impugnación segundo refire numerosa doutrina e xurisprudencia acerca dos criterios de adxudicación avaliábles mediante fórmula, que se resumen no feito de que en ningún caso poden adxudicar máis puntuación a un licitador que oferte maior prezo fronte a outro que oferte un menor. E considera que no procedemento que nos ocupa acaeceu xusto o contrario. Que sendo a súa a mellor oferta económica con relación ao criterio prezo, a aplicación das que denomina *“penalidades”* reverte a puntuación resultando adxudicatario unha oferta máis cara.

Comezaremos por aclarar que no procedemento que nos ocupa, para determinar cal é a oferta con mellor relación calidade prezo, o PCAP fixa tanto criterios avaliábles mediante xuízo de valor, o Plan de servizos, como avaliábles mediante fórmula, que



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1785/1102

son a redución da parte fixa do contrato e a redución do importe da parte variable do mesmo.

Para garantir unha perfecta concordancia entre o ofertado no Plan de servizos e o prezo ofertado, tanto para a parte fixa como para a variable, por un lado, e para garantir que o prezo ofertado estivese xustificado, esixiuse que coa proposición da oferta económica se presentase de maneira obrigatoria un ORZAMENTO DETALLADO, fixéndose un modelo no anexo VI do prego. Tal e como sinala a Memoria Xustificativa deste contrato *“O contido do “ORZAMENTO DETALLADO”, deberá acreditar a formulación do prezo do contrato para o cal, antes da avaliación dos criterios por formula será necesario determinar que o mesmo coincide cuantitativamente co prezo ofertado e así mesmo que recolle todos os apartados económicos indicados na oferta técnica. (...) ademais se definirá un factor corrector sobre a puntuación obtida das formulas en base a determinados aspectos que se detallan”.*

Parte o recorrente dun erro. Os factores de corrección non son penalidades. E ademais forman parte da propia fórmula de valoración do criterio de redución tanto da parte fixa. Así para valorar o criterio “Redución do importe da parte fixa do contrato” (B1) utilízase a seguinte fórmula:

$$B1 = PE1 \times [1 - (Ka1 + Ka2 + Ka3 + Kb0 + Kb1 + Kd0 + Kd1 + Kd2 + Kd3 + Kd4)]$$

Para valorar o criterio “Redución do importe da parte variable do contrato” (B2) utilízase a seguinte fórmula:

$$B2 = PE2 \times [1 - (Ke0 + Ke1 + Ke2)]$$

No PCAP explicase profusamente cales son os conceptos que integran a parte fixa e a parte variable do contrato, e o modo de presentación do orzamento detallado, configurándose como obrigatorio, sendo a falla de presentación unha causa de exclusión.

Sorprende que se o recorrente non tiña clara a dinámica de valoración dos criterios non formulase no momento procedimental oportuno aclaracións.

Tanto a lei, como o PCAP que rexe esta licitación, prevén un mecanismo para solventar as posibles dúbidas con respecto á documentación contractual. Así, o artigo 138, que regula a información ós interesados, despois de fixar a obriga dos órganos de contratación de ofrecer acceso ós pregos e demais documentación complementaria por medios electrónicos a través do perfil de contratante, acceso que será libre, directo, completo e gratuito (apartado 1º), determina que *“Os órganos de contratación proporcionarán a todos os interesados no procedemento de licitación, como moi tarde 6 días antes de que finalice o prazo fixado para presentar as ofertas, aquela información adicional sobre os pregos e demais documentación complementaria que estes soliciten, coa condición de que a pedisen polo menos 12 días antes do transcurso do prazo de presentación das proposicións ou das solicitudes de participación, salvo que nos pregos que rexen a licitación se estableza outro prazo distinto. Nos expedientes que fosen cualificados de urxentes, o prazo de seis días como moi tarde antes de que finalice o prazo fixado para presentar ofertas será de 4 días como moito antes de que finalice o citado prazo nos contratos de obras, subministracións e servizos suxeitos a regulación harmonizada, sempre que*

se adjudiquen por procedimientos aberto e restrinxido. Nos casos en que o solicitado sexan aclaracións ao establecido nos pregos ou resto de documentación e así o estableza o prego de cláusulas administrativas particulares, as respostas terán carácter vinculante e, neste caso, deberanse facer públicas no correspondente perfil de contratante en termos que garantan a igualdade e a concorrencia no procedemento de licitación”.

Nesta liña, a cláusula 11.3 do PCAP regula as aclaracións formuladas polos licitadores.

Pois ben, unha vez publicado o anuncio de licitación se solicitaron aclaracións aos pregos. Así, diversos interesados formularon 12 cuestións, entre o 13 de agosto e o 6 de setembro, que foron respondidas polo órgano de contratación en escritos de 26 de agosto e 11 de setembro de 2024. E ningunha delas referente á aplicación dos factores de corrección dos criterios avaliados mediante fórmula.

Se pola contra tiña tan claro como no momento de formular o recurso a ilegalidade destes factores de corrección puido interpoñer un recurso especial en materia de contratación contra o prego.

É preciso recordar ó licitador que os pregos son a lei do contrato, e que a presentación de ofertas sen impugnar os mesmos supón a súa aceptación incondicionada, tal e como ten declarado reiteradamente a xurisprudencia e máis recentemente, a doutrina dos tribunais especiais creados para a resolución dos recursos especiais en materia de contratación, polo que a súa impugnación posterior á presentación de ofertas supón ir en contra dos propios actos. Citaremos por todas a Resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais n.º 1131/2018, que di que *“debemos tener en cuenta como punto de partida para analizar esta cuestión, la especial consideración que merecen los pliegos de cláusulas de un contrato público, como ley rectora de ese contrato. Este Tribunal ha tenido ocasión de pronunciarse en multitud de ocasiones acerca de esa cualidad de “lex contractus” de los pliegos, una vez éstos adquieren firmeza. Así, la Sentencia de la Sala de lo Contencioso Administrativo del Tribunal Supremo de 19 de Marzo de 2001 (Sección Séptima) y otras resoluciones de este Tribunal (178/2013, 17/2013 y 45/2013), afirman lo siguiente: “esta Sala Tercera ha recordado, en sentencia de 6 de febrero de 2001, la conocida doctrina jurisprudencial en cuya virtud el pliego de condiciones constituye la Ley del Concurso, debiendo someterse a sus reglas tanto el organismo convocante como los que soliciten tomar parte en el mismo, especialmente cuando no hubieran impugnado previamente sus bases, pues, en efecto, si una entidad licitante se somete al concurso tal y como ha sido convocado, sin impugnar, en ningún momento, las condiciones y bases por las que se rija, tomando parte en el mismo, con presentación de su correspondiente oferta y prestando su consentimiento tanto a las propias prescripciones de la licitación como a la participación de las restantes entidades, carecerá de legitimación para impugnarlo después, contraviniendo sus propios actos, cuando no resulte favorecida por las adjudicaciones que, obviamente, pretendía”.* Este criterio se mantiene en la Resolución 321/2013, donde, con cita de la 178/2013, se precisa que la falta de impugnación de los pliegos hace inviable la posibilidad de que se invoque posteriormente su supuesta improcedencia o ilegalidad para impugnar la adjudicación ya efectuada en favor de la proposición más conveniente a otro licitador, tanto más cuando que existe un trámite especialmente concebido para



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1785/1102

poder impugnar los citados Pliegos en su fase inicial mediante el recurso especial en materia de contratación contra "los anuncios de licitación, los pliegos y los documentos contractuales que establezcan las condiciones que deban regir la contratación". Por otro lado, tiene declarado este Tribunal que el Pliego de Cláusulas Administrativas constituye la ley de contrato a la que deben sujetarse los licitadores, así como el propio órgano de contratación. Al efecto, hemos de partir del valor vinculante del Pliego aprobado por el órgano de contratación. El Pliego constituye auténtica lex contractus, con eficacia jurídica no sólo para el órgano de contratación sino también para cualquier interesado en el procedimiento de licitación. Como se señala en la Resolución 410/2014, de 23 de mayo, siguiendo el criterio fijado ya por este Tribunal, acorde con la Jurisprudencia del Tribunal Supremo, hemos de recordar que el Pliego de Cláusulas Administrativas Particulares es la Ley que rige la contratación entre las partes y al Pliego hay que estar, respetar y cumplir, sin que por ello se contravenga el principio de concurrencia ni el de igualdad (resolución 47/2012, de 3 de febrero, recurso 047/2012). En efecto, abundando en dicha afirmación hemos de traer a colación la resolución 253/2011, a cuyo tenor: "a los efectos de lo concluido en el punto anterior de esta resolución, es menester recordar, que de acuerdo con una inveterada jurisprudencia, los pliegos constituyen ley del contrato como expresión de los principios generales esenciales que rigen las relaciones nacidas de la convención de voluntades, tales como el sintetizado en el brocardo "pacta sunt servanda" con los corolarios del imperio de la buena fe y del non licet contra los actos propios (...). En este sentido, la presentación de proposiciones por parte de los licitadores supone por su parte, la aceptación incondicional del clausulado de los pliegos sin salvedad o reserva alguna". Á vista destes argumentos compré por de releve que se o licitador consideraba as cláusulas obscuras debeu interpor un recurso especial contra os pregos.

O que non parece admisible é que o licitador presente a súa oferta e cando esta non resulta a primeira clasificada, e o sería de non aplicarse os factores de corrección, presente un recurso especial no que en vez de por de manifesto erros na valoración dos criterios, en realidade está impugnando os pregos que rexen a presente licitación, por canto as súas alegacións diríxense a impugnar un dos criterios de adjudicación. E so a título de exemplo da suposta arbitrariedade interpretativa do órgano de contratación, sen entrar en valoración nin achegar elementos probatorios, se refire na alegación segunda do seu escrito de recurso, no parágrafo final da páxina 14 que continúa na 15, a datos concretos da súa oferta. Non deixa de resultar rechamante que manifeste "Esta parte desconocía, hasta que se le dio traslado del informe, el arbitrario criterio que adoptaría el Órgano de Contratación en la aplicación de la puntuación de las diferentes fórmulas las penalidades Ka1, Ka2, Ka3, Kb0, Kb1, Kd0, Kd1, Kd2, Kd3, Kd4 previstas en la página 19 del PCAP" (página 5). Afirmación que indica o seu descoñecemento dos pregos o que lle impediou formular correctamente a súa oferta.

Neste senso o TACGAL ten declarado en diversas resolucións, citaremos por todas a nº 218/2019, que "como recolle a STXUE de 29 de marzo de 2012 (asunto C-599/10), é o licitador quen debe responsabilizarse da corrección da súa oferta, polo que a falta de axuste ás condicións fixadas para a presentación das proposicións é unha deficiencia que só a el lle é imputable: "la falta de claridad de su oferta no es

sino el resultado del incumplimiento de su deber de diligencia en la redacción de la misma, al que están sujetas de igual manera que los demás candidatos”

Máis escandaloso resulta que sendo dous os criterios de avaliación mediante fórmula, so impugne a arbitrariedade dos factores de corrección dun deles, curiosamente o que lle resulta desfavorable.

Informa ao respecto o xefe do servizo de Limpeza, en data 15 de novembro de 2024, o seguinte:

“(…) O recurso pretende que se manteñan os criterios de valoración coas respectivas fórmulas (indica que ao seu entender son complexas pero non solicita anulalas), pero pretende que se anulen os factores de corrección (non todos). Esta pretensión non é coherente a criterio do técnico que subscribe dado que as fórmulas unicamente son válidas para a veraz determinación da oferta máis vantaxosa para a Administración cando son completas. As fórmulas son completas coa aplicación dos factores de corrección. Non serían completas en caso de anular estes factores mantendo as fórmulas, dado que o resto de licitadores realizaron a súa proposta tendo en conta o teor literal do PCAP no que as puntuacións obtéñense da avaliación das fórmulas coa aplicación dos factores de corrección.

O recurso solicita a anulación ou anulabilidade dos factores Ka1, Ka2, Ka3, Kb0, Kb1, Kd0, Kd1, Kd2, Kd3 e Kd4 que aplican ao criterio B1, pero non solicita o mesmo para os factores Ke0, Ke1 e Ke2 que aplican ao criterio B2. Na puntuación final, a empresa SAMYL é a mellor valorada no apartado B2 incluso aplicando os coeficientes Ke0, Ke1 e Ke2, porén perde esa condición no criterio B1 cando se aplican os factores que pretende anular: Ka1, Ka2, Ka3, Kb0, Kb1, Kd0, Kd1, Kd2, Kd3 e Kd4.

II.- Indica o recurso no punto segundo sobre a necesaria declaración de nulidade ou anulabilidade dos factores, que estes introducen elementos discrecionais e subxectivos que afectan e desvirtúan a puntuación das ofertas, entrando en contradición cos principios reitores da contratación pública. Indica que o informe de valoración das ofertas, no apartado B1 lle outorga a SAMYL maior puntuación coa aplicación da fórmula pero que ao aplicar os coeficientes correctores: Ka1, Ka2, Ka3, Kb0, Kb1, Kd0, Kd1, Kd2, Kd3 e Kd4, transforma as puntuacións obtidas producíndose unha modificación arbitraria do criterio de valoración, dando como resultado que outra empresa con menor baixa económica obteña máis puntuación no apartado B1.

Respecto dos principios de obxectividade e proporcionalidade na valoración económica, indica o recurso que na aplicación da fórmula, aínda que opina que esta é complexa, cumpre cos obxectivos perseguidos xa que outorga puntuacións en base á baixa realizada respecto do prezo de licitación. Porén manifesta que o problema xurde na aplicación dos coeficientes correctores Ka1, Ka2, Ka3, Kb0, Kb1, Kd0, Kd1, Kd2, Kd3 e Kd4, dado que a súa aplicación baseada en aspectos técnicos que xa foron avaliados no apartado correspondente, transforma a puntuación obtida inicialmente.

Procede indicar a este respecto que tal como especifica o PCAP, os criterios avaliados a través de fórmula serán puntuados co valor obtido da resolución da ecuación matemática, pero que unha vez obtido este valor se lle aplicarán os



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1785/1102

factores de corrección que correspondan: Ka1, Ka2, Ka3, Kb0, Kb1, Kd0, Kd1, Kd2, Kd3 e Kd4 para o criterio B1, e Ke0, Ke1 e Ke2 para o criterio B2. A puntuación é a obtida como resultado final e non como pretende o recorrente do resultado parcial de aplicar a primeira parte do criterio e non a segunda. Os factores de corrección non son discretionais nin subxectivos dado que **avalían cunha fórmula matemática clara a concordancia da oferta económica coa oferta técnica.**

Estes factores polo tanto non avalían aspectos técnicos que xa foran valorados no apartado correspondente como manifesta o recurso, nin modifican a valoración técnica previamente emitida, senón que avalían a concordancia da oferta técnica coa económica e consecuentemente ofrecen a puntuación da parte avaliabile mediante fórmula.

De seguido se transcribe o teor literal do PCAP para a avaliación do apartado B1. o PCAP indica:

“...O importe da parte fixa do contrato desagregase nos seguintes conceptos:

- a) Custes de persoal.
- b) Custes de explotación.
- c) Gastos xerais e beneficio industrial.
- d) Custes de amortización máis financiamento.

Os importes destes conceptos deben ter concordancia coa oferta técnica do sobre B. En caso de discordancia aplicaranse os factores de corrección que se indicarán a continuación para cada un dos conceptos. Deste xeito, a puntuación deste criterio será a seguinte:

$$B1 = PE1 \times [1 - (Ka1 + Ka2 + Ka3 + Kb0 + Kb1 + Kd0 + Kd1 + Kd2 + Kd3 + Kd4)]$$

Se o resultado desta fórmula fose negativo outorgáranse 0 puntos no criterio B1.

A estes efectos inclúese no modelo de proposición económica do Anexo VI unha táboa de custes que deberá ser cumprimentada. A non cumprimentación da mesma será causa de exclusión.”

Como se aprecia no texto transcrito literalmente, o PCAP indica que os importes da oferta económica debe ter concordancia coa oferta técnica, polo que non é certo que o licitador non coñecese este aspecto con anterioridade.

É importante resaltar ademais que todos os factores de corrección obtéñense da aplicación de fórmulas matemáticas polo que non existe discretionalidade nin subxectividade. A súa función é unicamente avaliar a concordancia da oferta económica coa oferta técnica. Para demostrar esta afirmación detállase de seguido a aplicación que se fai de cada factor na oferta da mercantil recorrente SAMYL, indicando previamente o teor literal do PCAP para cada un deles:

a) APARTADO SOBRE CUSTES DE PERSOAL

o PCAP indica:

“O licitador deberá indicar os custes de persoal que aplique ao contrato tendo en conta as obrigas derivadas da lexislación laboral aplicable e as derivadas do PPTP que rexe este contrato.

Estes custes deberán corresponderse co ofertado no “PLAN DE SERVICIOS” do sobre “B”.

Para calcular os custes de persoal o licitador utilizará o convenio colectivo de aplicación para o ano 2024 - ano enteiro-. A partir deste cálculo deberá estimar o custe do resto das anualidades do contrato.

Este concepto á súa vez desagregarase non seguintes apartados, que son obrigatorios:

- (a.0) Categoría Profesional segundo o convenio de aplicación. As dúas categorías profesionais que son obrigatorias son: LIMPADOR/A e PEÓN ESPECIALISTA. Neste apartado do modelo de proposición económica, o licitador deberá indicar calquera outra categoría profesional identificada dentro do PLAN DE SERVICIOS presentado na proposta técnica.*
- (a.1.1) estimación da carga laboral base anual en horas efectivas de prestación, e (a.1.2) estimación da carga laboral base anual en número de traballadores equivalentes efectivos.*
- (a.2) Salario base anual individual da categoría profesional.*
- (a.3) Plus/Convenio. Estimación global anual para toda a carga laboral efectiva da categoría.*
- (a.4) Custes Antigüidade - Estimación global anual para toda a carga laboral efectiva da categoría.*
- (a.5) Custe vacacións. Estimación global para dar cobertura á carga laboral efectiva da categoría.*
- (a.6) Total custe salarial. Estimación global anual para toda a carga laboral efectiva da categoría.*
- (a.7) Seguridade Social. Estimación global anual sobre o total dos custes salariais para toda a carga laboral efectiva da categoría profesional. Cando os custes de Seguridade Social sexan menores ao 30% do total indicado para o apartado (a.6), aos efectos de comprobar o cumprimento dos custes derivados da aplicación das normativas laborais vixentes, tal e como prevé o artigo 201 da LCSP, poderá solicitarse xustificación ao licitador sobre as eventuais bonificacións de*

**CONCELLO DE VIGO**

Expte. 1785/1102

aplicación ás obrigas dos custes da Seguridade Social para a empresa que motivarían que o custe descenda do límite indicado.

- (a.8) TOTAL CUSTE EMPRESA: (a.6) + (a.7).

En caso de que os custes de persoal propostos non sexan concordantes co ofertado no PLAN DE SERVIZOS do sobre B, á puntuación sobre a oferta económica obtida neste concepto (PE1), aplicarase o factor corrector “ka” de acordo coas seguintes premisas:”

O licitador SAMYL indica na súa oferta para este apartado:

(a.0) Categoría Profesional segundo o convenio de aplicación	(a.1.1) Estimación de carga laboral base anual en horas efectivas de prestación	(a.1.2) Estimación de carga laboral base anual en número de traballadores equivalentes efectivos	(a.2) Salario base anual individual da categoría profesional	(a.3) Plus Convenio. Estimación global anual para toda a carga laboral efectiva da categoría	(a.4) Custes Antigüidade - Estimación global da carga anual para toda a carga laboral efectiva da categoría	Otros gastos de ser necesarios	(a.5) Custes vacacións. Estimación global anual para toda a carga laboral efectiva da categoría	(a.6) TOTAL CUSTE SALARIAL. Estimación global anual para toda a carga laboral efectiva da categoría	(a.7) SEGURIDADE SOCIAL. Estimación global anual para toda a carga laboral efectiva da categoría	(a.8) TOTAL CUSTE EMPRESA (a.6 + a.7)
Encargado/a general	3458	2,20	24.912,80 €	874,44 €	0,00 €		4.718,11 €	61.335,43 €	20.854,05 €	82.189,47 €
Responsable de equipo	3094	2,00	17.677,92 €	874,44 €	11.901,22 €		3.092,06 €	52.098,00 €	17.713,32 €	69.811,33 €
Especialistas	1729	1,12	18.572,00 €	874,44 €	8.466,05 €		1.811,19 €	32.011,49 €	10.883,91 €	42.895,40 €
Peón/a especializado/a	1729	1,12	17.156,48 €	874,44 €	7.820,78 €		1.679,35 €	29.652,34 €	10.081,79 €	39.734,13 €
Conductor/a-limpiador/a	1729	1,12	19.878,88 €	874,44 €	6.041,19 €		1.932,91 €	31.168,99 €	10.597,46 €	41.766,44 €
Limpiador o limpiadora	74688,4	48,28	16.993,44 €	874,44 €	173.218,81 €		71.887,71 €	1.107.758,98 €	376.638,05 €	1.484.397,03 €
Totais	86427,4	55,83	115.191,52 €	5.246,64 €	207.448,05 €		85.121,32 €	1.314.025,23 €	446.768,58 €	1.760.793,80 €
1.-								TOTAL CUSTES PERSOAL PARTE FIXA DO CONTRATO		

Aplicación dos coeficientes correctores:

Ka1

o PCAP indica:

“Cando no apartado de “custes de persoal” do modelo de proposición económica non se indique o grado de desagregación requirido, se lle aplicará un coeficiente $Ka1 = 0,015$, por cada un dos apartados que non teña o detalle requirido, cun máximo de 0,105. Se entende que non presenta o grado de desagregación requirido cando non se identifique algún dos apartados (a.1.1), (a.1.2), (a.2), (a.3), (a.4), (a.5), (a.6), (a.7) e (a.8) para cada unha das categorías profesionais indicadas. Se entende que tampouco presenta o grado de desagregación requirido cando non se identifique algunha ou ambas das dúas categorías profesionais obrigatorias (LIMPADOR/A e PEÓN ESPECIALISTA) sendo neste caso o coeficiente a aplicar o máximo $Ka1 = 0,105$.”

Neste caso o licitador SAMYL cumprimenta correctamente os apartados indicados polo que o factor corrector é $Ka1=0$

Ka2

o PCAP indica:

“Cando o sumatorio total do apartado (a.1.1) no modelo de proposición económica para as categorías de LIMPADOR/A e PEÓN ESPECIALISTA, non se

corresponda coas “horas de prestación do servizo” establecida na cláusula 6.3 do PPTP (expresada en horas), se lle aplicará o factor corrector “Ka2”.

O cálculo realizarase por diferenza porcentual: $Dp\% = \frac{[\text{horas de prestación do servizo do PPTP} - \text{horas de prestación do servizo da oferta (a.1.1)}]}{[\text{horas de prestación do servizo do PPTP}]}$ en valor absoluto, multiplicado por 100.

Como é en valor absoluto, resultará sempre un valor positivo.

O factor corrector será:

- $Ka2=0,050$ para unha diferenza porcentual ($Dp\%$) igual ou maior do 1,00% e menor do 2,50%
- $Ka2=0,100$ para unha diferenza porcentual ($Dp\%$) igual ou maior do 2,50% e menor do 3,50%
- $Ka2=0,200$ para unha diferenza porcentual ($Dp\%$) igual ou maior do 3,50% e menor do 5,00%
- se a diferenza porcentual ($Dp\%$) é igual ou maior do 5,00%, $Ka2=0,600$

A cláusula 2.1 do PPTP establece a seguinte división no tocante ás horas necesarias para a prestación do servizo:

No presente PPTP, unha vez determinados a totalidade das dependencias municipais e o resto de instalacións a limpar, así como as diferentes tipoloxías de zonas de limpeza en cada un deles, trasladarase aos licitadores unha proposta de horas estimadas segundo a seguinte división:

A.- Horas de peón /limpador anual destinados a limpeza habituals ou ordinarias

B.- Horas de peón especializado ou especialista, ou peón/limpador no seu caso, destinadas ás limpeza programadas.

C.- Horas de mando intermedio encargado da supervisión e control. Encargado e/ou xefe de equipo que non realice traballos de execución directa.

Esta proposta de horas serviu de base para a obtención do prezo do contrato, pero cada licitador na súa oferta determinará a dotación horaria que segundo o seu criterio técnico destinará a cada unha das dependencias para os epígrafes A e B anteriores.

Como se aprecia, na cláusula 2.1 do PPTP establécese claramente que a categoría LIMPADOR/A” do PCAP refírese ás horas de limpeza habituals ou ordinarias, e que a categoría “PEÓN ESPECIALISTA” refírese ás horas para limpeza programadas. Esta é a nomenclatura definida na cláusula 2.1 do PPTP e que rexe todo o contrato. Esta cláusula do PPTP indica ademais que cada licitador determinará a dotación horaria que ao seu criterio destinará a cada unha delas: horas de limpeza habituals ou ordinarias e horas de limpeza programadas (epígrafes A e B da cláusula 2.1 do PPTP). As horas de traballadores que non realizan traballos de execución directa quedan encadradas no epígrafe C, tal como é o encargado.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1785/1102

A proposta de horas que se recollen na cláusula 6.3 do PPTP sobre horas de prestación do servizo indica que as horas para limpeza habituals son 81.574,80 horas, e as de limpeza programadas son 5.187,00 horas.

o PPTP na cláusula 6.3 indica:

“... Segundo a estimación efectuada a raíz da análise das diferentes zonas e do investimento en mecanización do servizo, estímase a seguinte realización necesaria do número de horas segundo a súa tipoloxía:

- HORAS ANO DE PEÓN LIMPADOR/A DE LIMPEZAS HABITUAIS: 81.574,80 horas
- HORAS ANO DE PEÓN, PEÓN ESPECIALISTA, ESPECIALISTA PARA LIMPEZAS PROGRAMADAS: 5.187,00 horas
- HORAS ANO DE ENCARGADOS, Ou OPERARIOS DESTINADOS Ao CONTROL: 3.458,00 horas.

As horas de xestión de servizo e de administración non son computables a efectos de horas de prestación xa que se consideran incluídas nos gastos xerais do contrato.

As horas indicadas anteriormente resultan dos cálculos e análises realizadas polos servizos técnicos municipais na Memoria xustificativa do contrato. Cada licitador na súa oferta debe aplicar o resultado da súa análise para a obtención do persoal equivalente e a determinación do prezo do contrato que oferte. Nunca poderán ser inferiores á porcentaxe aquí indicada, e si son superiores deberá tamén xustificalo.”

Neste caso o licitador SAMYL indica seis categorías profesionais no apartado (a.1.1) do modelo de proposición económica:

(a.0) Categoría Profesional segundo o convenio de aplicación	(a.1.1) Estimación de carga laboral base anual en horas efectivas de prestación
Encargado/a general	3458
Responsable de equipo	3094
Especialistas	1729
Peón/a especializado/a	1729
Conductor/a-limpador/a	1729
Limpador o limpiadora	74688,4
Totais	86427,4

1.-

O coeficiente corrector Ka2 compara o sumatorio total do apartado (a.1.1) no modelo de proposición económica que presenta o licitador para as limpeza habituals

(identificadas no prego como categoría LIMPADOR/A) e para limpezaas programadas (identificadas no prego como categoría PEÓN ESPECIALISTA), coas horas de prestación do servizo establecidas na cláusula 6.3 do PPTP. Deixa fora as horas de traballadores que non realizan traballos de execución directa (ao encargado xeral neste caso).

O total de horas ofertadas pola empresa SAMYL no apartado (a.1.1) é de 86.427,40 horas para todas as seis categorías (A+B+C). Delas 3.458 horas corresponden á categoría de “encargado/a xeral”. Analizando a oferta técnica realizada pola empresa, no apartado 1.1 do documento PV1, sobre a estrutura de xestión específica para o contrato, nas páxinas 4 e 5 indica as funcións específicas para o “**Encargado xeral**” nas que se identifica claramente que é un traballador destinado ao control (non realiza traballos de limpezaas habituais “A” nin traballos de limpezaas programadas “B”), polo que conforme ao indicado no apartado de custes de persoal é un traballador da categoría “C” e debe detraerse do total para determinar a oferta nas categorías A e B. O resto das categorías profesionais ofertadas, segundo o indicado no documento técnico da empresa SAMYL, son persoal que realiza traballos de execución directa no contrato e polo tanto encadrados nos epígrafes A e B.

Deste xeito:

$$86.427,40 \text{ horas} - 3.458,00 \text{ horas} = 82.969,40 \text{ horas (A+B da empresa)}$$

Estas 82.969,40 horas son as que oferta a empresa para traballos de limpezaas habituais (epígrafe A da cláusula 2.1 do PPTP) e limpezaas programadas (epígrafe B da cláusula 2.1 do PPTP), e polo tanto é a cifra que debe compararse coas horas de prestación do servizo establecidas na cláusula 6.3 do PPTP: 81.574,80 horas para limpezaas habituais “A” e 5.187,00 horas para limpezaas programadas “B”, resultando:

$$81.574,80 \text{ horas} + 5.187,00 \text{ horas} = 86.761,80 \text{ horas (A+B do prego)}$$

Indica o PCAP que o cálculo realizarase por diferenza porcentual: $Dp\% = \frac{[\text{horas de prestación do servizo do PPTP} - \text{horas de prestación do servizo da oferta (a.1.1)}]}{[\text{horas de prestación do servizo do PPTP}]}$ en valor absoluto, multiplicado por 100.

$$[(86.761,80 - 82.969,40)] / 86.761,80 \times 100 = 4,37\%$$

Polo que $Ka2=0,200$ para unha diferenza porcentual ($Dp\%$) igual ou maior do 3,50% e menor do 5,00%

Ka3

o PCAP indica:

“No caso de que non cubra datos do “total custe persoal” en algún dos anos do modelo de proposición económica (P1), (P2), (P3), (P4) e (P5), aplicarase $Ka3=0,3$ para cada ano non cuberto con datos, ata un máximo de $Ka3=0,9$.”

Neste caso o licitador SAMYL cumprimenta correctamente os apartados indicados polo que o factor corrector é $Ka3=0$

b) APARTADO SOBRE CUSTES DE EXPLOTACIÓN



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1785/1102

o PCAP indica:

“O licitador deberá indicar os custes de explotación tendo en conta as obrigas derivadas do PPTP que rexe este contrato. Estes custes serán os relativos á ferramenta informática de control da prestación dos servizo, subministros materiais, consumibles, seguros e outros gastos.

Estes custes deberán corresponderse co ofertado no PLAN DE SERVICIOS do sobre “B”.

En caso de que os custes de explotación propostos non sexan concordantes co ofertado no PLAN DE SERVICIOS do sobre “B”, á puntuación obtida neste concepto aplicarase o factor corrector “kb” de acordo coas seguintes premisas:”

O licitador SAMYL indica na súa oferta para este apartado:

CUSTES DE EXPLOTACIÓN (ferr. Informática, subministros materiais, consumibles, seguros, outros gastos) (b.0)	Tot. Año (b.1)
Gasto vehiculos	8.000,00 €
Herramienta informática	24.000,00 €
Materiales y productos	50.000,00 €
Dispensadores produtos/consumibles	2.200,00 €
Contenedores higiénicos/Bacteriostáticos	3.600,00 €
2.- TOTAL DE OUTROS CUSTES DE EXPLOTACIÓN (subministros materiais, consumibles, seguros, outros gastos)	87.800,00 €

Aplicación dos coeficientes correctores:

Kb0

o PCAP indica:

“Cando no apartado de “Custes de explotación” non se atope desagregado algún dos apartados indicados no PLAN DE SERVICIOS da oferta técnica (Sobre B), se lle aplicará un coeficiente $Kb0 = 0,010$, por cada un dos apartados que non teña o detalle requirido, cun máximo de $Kb0 = 0,100$.”

Neste caso o licitador SAMYL indica cinco conceptos no apartado (b.0) do modelo de proposición económica:

CUSTES DE EXPLOTACIÓN (ferr. Informática, subministros materiais, consumibles, seguros, outros gastos) (b.0)
Gasto vehiculos
Herramienta informática
Materiales y productos
Dispensadores produtos/consumibles
Contenedores higiénicos/Bacteriostáticos
TOTAL DE OUTROS CUSTES DE EXPLOTACIÓN (subministros materiais, consumibles, seguros, outros gastos)

No recurso presentado (derradeiro parágrafo da páxina 14 e primeiro da páxina 15) a empresa pon uns exemplos do que ao seu entender é unha arbitrariedade do órgano de contratación na aplicación do coeficiente $Kb0$, que se penaliza ás empresas por non desagregar certos custes, non figurando o nivel de detalle/partidas a desagregar no prego, eludindo este órgano que existen partidas que se atopan dentro de outras como é o caso do

seguro de responsabilidade civil e accidentes, ou o custe de vestiario e equipos de protección individual. Tamén indica que existen outras partidas que non supoñen custe para a empresa.

*A este respecto debemos sinalar que o **órgano de contratación non pode nin debe establecer un grao de desagregación dos custes de explotación máis aló do xa indicado** no modelo de proposición económica do PCAP, no que aparece na primeira ringleira o concepto “ferramenta informática de control da prestación do servizo” por ser esta de vital importancia no contrato, cun custe elevado, e aparecer no PPTP como obrigatoria.*

*No modelo de proposición económica aparecen unha serie de ringleiras en branco que cada empresa debe encher cos seus propios custes segundo o indicado na oferta técnica e así queda explicado no PCAP. Os custes que cada empresa inclúa serán conforme ao seu propio proxecto técnico e non segundo o que o órgano de contratación puidese considerar a priori como necesario. **O órgano de contratación non pretende facer o proxecto técnico indicando todas as partidas que estimaría necesarias**, senón que deixa liberdade ás empresas para que expresen o seu coñecemento e experiencia na oferta. Posteriormente o órgano de contratación debe seleccionar, mediante a valoración das ofertas, a que é a mellor para os intereses da administración, cumprindo sempre co indicado nos pregos e verificando que o expresado por cada empresa na memoria técnica ten soporte económico (para este fin defínense os coeficientes correctores).*

*Como demostración por redución ao absurdo, seguindo o razoamento da recorrente, en caso de que o modelo de proposición económica publicado polo órgano de contratación incluíse no detalle **por exemplo custes en recoñecementos médicos**, sería incoherente para unha mercantil que teña este custe internalizado. Por exemplo a empresa pode dispoñer dese recurso médico dentro da súa estrutura e non necesitar subcontratalo, polo que non sería para ela un custe de explotación, e si o sería para outras. Ocorrería o mesmo no caso contrario, no que o PCAP non incluíse un custe que para una licitadora fose necesario. Neste caso a empresa non podería ofertar o servizo ou parte do servizo que incluíse ese gasto, polo que quedaría limitada a súa proposta co agrabio que elo lle suporía.*

No modelo publicado coa licitación, cada empresa debe expresar os seus custes co maior grao de detalle posible conforme ao indicado no PCAP.

*O que queremos dicir é que **a recorrente non ten razón cando indica que non figura o nivel de detalle a desagregar no modelo de proposición económica polo que se penaliza ás empresas por non desagregar certos custes**. Como quedou demostrado, o órgano de contratación non pode nin debe desagregar os custes porque non fai o proxecto técnico da prestación do servizo. Cada licitadora debe expresar os seus propios custes e que serán diferentes dos de outros competidores. O que si fai o órgano de contratación é determinar que aspectos da oferta técnica non están incluídos nos custes da oferta económica mediante a aplicación do coeficiente corrector Kb0.*

O coeficiente corrector Kb0 avalía a concordancia da oferta económica coa oferta técnica presentada por este licitador ao concurso. En tal sentido, no detalle dos



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1785/1102

custes de explotación da oferta económica non identifica os seguintes custes que si se recollen na oferta técnica:

1. *Destrución documental certificada que SAMYL oferta no apartado 1.7 do documento PV1. Na páxina 22 do citado documento, a mercantil indica que "SAMYL subcontratará este servizo con empresa especializada". Cabe resaltar que este é un servizo obrigatorio no contrato establecido na cláusula 5.3 do PPTP. **Sobre este custe, o recurso non indica nada, nin xustifica por que non está incluído no detalle presentado na oferta.***
2. *Custes de vestiario dos traballadores que SAMYL oferta no apartado 1.9 sobre vestiario do persoal (paxina 23 do documento), e custes dos equipos de protección individual que a mercantil oferta no apartado 1.1 do mesmo documento, cando indica na páxina 7 que o técnico de PRL asignado para o contrato realizará nas primeiras semanas reunións co xefe do servizo para planificar entre outras cuestións a entrega de EPI's. Cabe resaltar que tanto o vestiario do persoal como os equipos de protección individual son obrigatorios por contrato. **Estes custes non poden estar incluídos na partida "materiales y productos" tal como indica o recurso** dado que nas fichas que inclúe no documento anexo ao PV2 describe os produtos que utiliza no contrato, e en ningún momento aparece o vestiario nin os EPI. Tampouco aparecen cando describe os materiais que utiliza nas superficies a limpar dentro do punto 2.1.2 do documento PV2.*
3. *Custes do plan de formación que SAMYL oferta no apartado 1.2 do documento PV1, no que propón 51 horas formativas anuais para os traballadores. **Sobre este custe, o recurso non indica nada, nin xustifica por que non está incluído no detalle presentado na oferta.***
4. *Custes dos seguros de responsabilidade civil e accidentes que esixe o apartado 13 das FEC do PCAP no que se indica que é obrigatorio **constituír un seguro específico** para este contrato e que deberá cumprir cos requisitos alí sinalados. Nótese ademais que o propio modelo de orzamento detallado que se publica coa licitación, no apartado (b.0) indica que dentro do total dos custes de explotación están incluídos especificamente a ferramenta informática, os subministros materiais, os consumibles, **os seguros** e outros gastos que o licitador considere. **Este custe polo tanto non pode estar incluído nos gastos xerais tal como manifesta o recurso**, dado que debe especificarse dentro dos custes de explotación como indica o modelo de proposición económica do PCAP.*

Ao identificarse catro conceptos incluídos na oferta técnica e que non teñen cobertura económica, o factor corrector Kb0 resulta igual a:

$$4 \times 0,01 = 0,04$$

Kb1

o PCAP indica:

"No caso de que non cubra os custes de explotación en algún dos anos do modelo de proposición económica (P1), (P2), (P3), (P4) e (P5), aplicarase Kb1= 0,3 para cada ano non cuberto con datos, ata un máximo de Kb1=0,9."

Neste caso o licitador SAMYL cumprimenta correctamente os apartados indicados polo que o factor corrector é $Kb1=0$

d) APARTADO SOBRE CUSTES DE AMORTIZACIÓN MÁIS FINANCIAMENTO

o PCAP indica:

“O licitador deberá indicar os custes de amortización máis financiamento dos “Medios materiais, maquinaria e equipamento” que achegue ao contrato tendo en conta as obrigas derivadas do PPTP. Estes custes deberán corresponderse co ofertado no PLAN DE SERVICIOS do sobre B.

Con relación a cada tipo de “Medios materiais, maquinaria e equipamento” (c.0) ofertados no sobre “B”, o licitador indicará o seu custe unitario (c.1), as unidades propostas (c.2), e o total (c.3).

En caso de que os custes de amortización máis financiamento propostos non sexan concordantes co ofertado no PLAN DE SERVICIOS do sobre B, á puntuación obtida neste concepto aplicarase o factor corrector “kd” de acordo coas seguintes premisas:”

O licitador SAMYL indica na súa oferta para este apartado:

MEDIOS MATERIAIS MAQUINARIA E EQUIPAMENTO (c.0)	Custe unitario (c.1)	Unidades (c.2)	Total (c.3)
FREGADORA TIPO IMOP	3	3.500,00 €	10.500,00 €
ROTATIVA	6	800,00 €	4.800,00 €
ASPIRADORA AGUA POLVO GRANDE	5	500,00 €	2.500,00 €
HIDROLIMPIADORA	2	450,00 €	900,00 €
CARROS LIMPIEZA	40	200,00 €	8.000,00 €
FREGADORA HOMBRE A PIE	2	4.500,00 €	9.000,00 €
BARREDORA ELECTRICA	1	1.500,00 €	1.500,00 €
CHAMPUNEADORA	2	1.600,00 €	3.200,00 €
ASPIRADOR AGUA POLVO PEQUEÑO	20	100,00 €	2.000,00 €
			0,00 €
			0,00 €
7.-	TOTAL DE CUSTES MEDIOS MATERIAIS MAQUINARIA E EQUIPAMENTO		42.400,00 €

Procede indicar neste apartado que a oferta da empresa non expresa correctamente o custe unitario dos elementos na columna (c.1) nin o número de unidades na columna (c.2). No informe da valoración enténdese que ambas columnas están intercambias polo que se procedeu á valoración con esta consideración.

Aplicación dos coeficientes correctores:

Kd0

o PCAP indica:

“Cando os tipos de “Medios materiais, maquinaria e equipamento” (c.0) do modelo de proposición económica, non coincidan cos indicados no PLAN DE SERVICIOS da oferta técnica (sobre B), aplicarase un coeficiente corrector $Kd0=0,05$ por cada tipo de “Medios materiais, maquinaria e equipamento” non incluído no modelo de proposición económica, ata un máximo de $Kd0=0,20$.”

Neste caso o licitador SAMYL cuantifica nove tipos de elementos que se atopan recollidos nas fichas que presenta no documento anexo ao PV2 para todas as dependencias obxecto do contrato.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1785/1102

MEDIOS MATERIAIS MAQUINARIA E EQUIPAMENTO (c.0)
FREGADORA TIPO IMOP
ROTATIVA
ASPIRADORA AGUA POLGO GRANDE
HIDROLIMPIADORA
CARROS LIMPIEZA
FREGADORA HOMBRE A PIE
BARREDORA ELECTRICA
CHAMPUNEADORA
ASPIRADOR AGUA POLVO PEQUEÑO

► Primeiro elemento que non se atopa desagregado:

Analizada a información polo miúdo, os elementos indicados na oferta económica coinciden en tipo cos descritos nas fichas do documento anexo ao PV2 agás a máquina rotativa de alta velocidade/pulidora que aparece na ficha correspondente ao edificio da casa do concello, e que non aparece na lista da oferta económica.

► Segundo elemento que non se atopa desagregado:

Tampouco aparecen na oferta económica os custes dos terminais tipo "smartphone" que o licitador oferta para cada un dos traballadores do contrato no documento PV5 (pax 17). A este respecto cabe sinalar que no texto do recurso presentado, nas páxinas 14 e 15, o responsable da empresa manifesta que como exemplo da arbitrariedade detectada, existen custes non contemplados na oferta por non resultar onerosos para a empresa como **os smartphones que se inclúen dentro dos custes das liñas** (entendemos que de datos mobiles) **contratadas con ORANGE** debido ao nivel de consumo. Pois ben, isto é contraditorio co indicado na propia oferta, na que no apartado 5.7 do documento PV5 a empresa manifesta: **"...a implantación da plataforma informatizada "CheckingPlan" pode xerar CUSTES RELEVANTES, principalmente na adquisición e mantemento de licenzas, smartphones e tags NFC para todos os operarios e persoal de xestión..."**.

► Terceiro elemento que non se atopa desagregado:

O equipo luminómetro descrito na páxina 9 do documento PV4 da oferta técnica e que indica que se dotará en exclusiva para o contrato. A este respecto, o responsable da empresa no recurso presentado ante o TACGAL indica na páxina 15 que este equipo non supón custe á empresa por estar amortizado. Non entanto o anterior, o apartado 4.7 do documento PV4 da oferta indica que: **"...o uso de tecnoloxías avanzadas, como o software de xestión e dispositivos de medición, implica un investimento inicial significativo pero garante un seguimento continuo e detallado dos servizos prestados..."**. O equipo luminómetro preséntase no documento como un dispositivo de medición da calidade segundo a norma ISA CLEAN 0714-2014 (pax 7).

Ao identificarse tres elementos incluídos na oferta técnica e que non teñen cobertura económica, o factor corrector Kd0 resulta igual a:

$$3 \times 0,05 = 0,15$$

Kd1

o PCAP indica:

“Cando no apartado de custes de amortización máis financiamento non presente o grao de detalle requirido, se lle aplicará un coeficiente $Kd1 = 0,015$, por cada un dos apartados que non teña o detalle requirido, cun máximo de $Kd1 = 0,075$. Se entende que non presenta o grao de detalle requirido cando non identifique algún dos apartados (c.1), (c.2) ou (c.3) para todos os medios propostos en (c.0). ”

Neste caso o licitador SAMYL cumprimenta correctamente os apartados indicados polo que o factor corrector é $Kd1=0$

Kd2

o PCAP indica:

“Cando a identificación do número de unidades (c.2) para cada un dos tipos de “Medios materiais, maquinaria e equipamento” (c.0) non se corresponda cos datos indicados na oferta técnica (PLAN DE SERVICIOS), se lle aplicará un coeficiente $Kd2$, cuantificado do seguinte xeito:

Calcularase primeiro o valor económico que se obteña de multiplicar o número das unidades non incluídas polo importe unitario ofertado. De acordo co importe resultante se lle aplicará o seguinte coeficiente corrector:

$Kd2= 0,01$ por cada 1.000,00 € do importe calculado (de forma proporcional ata un máximo dun $Kd2 = 0,20$)”

Neste caso o licitador SAMYL cuantifica as seguintes unidades para cada un dos nove tipos de elementos que se atopan recollidos nas fichas que presenta no documento anexo ao PV2 para todas as dependencias obxecto do contrato (nótese que intercambia as columnas do custo unitario (c.1) coa de unidades (c.2) como se explicou ao inicio deste apartado).

MEDIOS MATERIAIS MAQUINARIA E EQUIPAMENTO (c.0)	Custe unitario (c.1)
FREGADORA TIPO IMOP	3
ROTATIVA	6
ASPIRADORA AGUA POLVO GRANDE	5
HIDROLIMPIADORA	2
CARROS LIMPIEZA	40
FREGADORA HOMBRE A PIE	2
BARREDORA ELECTRICA	1
CHAMPUNEADORA	2
ASPIRADOR AGUA POLVO PEQUEÑO	20

Da análise da oferta técnica se desprende que o licitador oferta 6 unidades de aspirador auga-po grande valorado na económica por el mesmo en 500€, e na oferta económica cuantifica soamente 5 unidades; e inclúe 21 unidades na técnica de aspirador auga-po pequeno valorado en 100€, e na oferta económica cuantifica soamente 20 unidades. Do anterior se calcula que o valor económico de multiplicar o importe de cada unha polo número de unidades non incluídas na oferta económica é 600€. dado que o PCAP indica que o factor corrector $Kd2$ é de 0,01 por cada 1.000 € calculado de xeito proporcional, resulta que

$$600 \times 0,01 / 1000 = 0,006$$



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1785/1102

Kd3

o PCAP indica:

“A suma da columna (c.3) que ofrece o valor total dos custes dos tipos de medios materiais, maquinaria e equipamento, debe ser pagada durante o prazo de execución do contrato. Para elo cada licitador propondrá o importe que aplique cada ano para pagar a amortización máis o financiamento do custe de adquirir os medios materiais, maquinaria e equipamento, cumprimentando as celas (P1), (P2), (P3), (P4) e (P5). O valor que quede sen pagar ao final do contrato (resta do valor da suma da columna (c.3) menos o valor pagado en todas as anualidades [(P1)+(P2)+(P3)+(P4)+(P5)]), non poderá superar ao 25% do valor do total dos custes (suma da columna (c.3)). En caso contrario, aplicaranse os seguintes coeficientes correctores:

No caso de que non cubra datos do “total custe A+F” en algún dos anos do modelo de proposición económica (P1), (P2), (P3), (P4) e (P5), aplicarase $Kd3=0,3$ para cada ano non cuberto con datos, ata un máximo de $Kd3=0,9$.”

Neste caso o licitador SAMYL cumprimenta correctamente os apartados indicados polo que o factor corrector é $Kd3=0$

Kd4

o PCAP indica:

“A suma da columna (c.3) que ofrece o valor total dos custes dos tipos de medios materiais, maquinaria e equipamento, debe ser pagada durante o prazo de execución do contrato. Para elo cada licitador propondrá o importe que aplique cada ano para pagar a amortización máis o financiamento do custe de adquirir os medios materiais, maquinaria e equipamento, cumprimentando as celas (P1), (P2), (P3), (P4) e (P5). O valor que quede sen pagar ao final do contrato (resta do valor da suma da columna (c.3) menos o valor pagado en todas as anualidades [(P1)+(P2)+(P3)+(P4)+(P5)]), non poderá superar ao 25% do valor do total dos custes (suma da columna (c.3)). En caso contrario, aplicaranse os seguintes coeficientes correctores:

No caso de que o importe que reste por amortizar sexa superior ao 25%, aplicarase $Kd4=0,40$.”

Neste caso o licitador SAMYL oferta un investimento total de 42.400,00€ e amortiza ao final do contrato (suma do valor pagado en todas as anualidades [(P1)+(P2)+(P3)+(P4)+(P5)]) 33.920,00€, polo que a diferenza é de

$$42.400,00€ - 33.920,00€ = 8.480€$$

Estes 8.480€ supoñen un 20% do total do investimento (columna c.3), que é inferior ao 25% que establece o prego polo que o factor $Kd4=0$

CONCLUSIÓN

En base á xustificación anterior queda meridianamente claro que a aplicación dos coeficientes correctores á oferta do recorrente é correcta. Non cabe ademais aplicar o principio de interpretación máis favorable á licitadora xa que é claro que estes coeficientes non son interpretables nin arbitrarios, non introducen elementos discretionais nin subxectivos, e non desvirtúan a puntuación das ofertas. Os coeficientes aplícanse mediante fórmulas matemáticas que devolven valores únicos e inmutables, en función do ofertado polo licitador na súa proposta técnica.

Digo que non procede aplicar o principio de interpretación máis favorable á licitadora xa que é claro que os criterios de fórmula non precisan ser interpretados. Cuestión esta que se entende ratificada polas accións da propia recorrente, xa que de existir nos Pregos cláusulas contraditorias ou pouco claras, o propio PCAP establece no punto 3 da cláusula 11 que “3.- Con carácter previo á presentación da documentación, os licitadores poderán solicitar a aclaración de dúbidas sobre os pregos e a documentación complementaria. As aclaracións e documentación poderán solicitarse, a través da Plataforma de Contratación del Sector Público, ata 12 días antes da finalización do prazo de presentación de ofertas. Estas serán contestadas polo órgano de contratación, mediante respostas que terán carácter vinculante e serán publicadas no perfil de contratante como máximo 6 días antes da finalización do citado prazo. No caso de que o procedemento sexa urxente este último prazo reducirase a 4 días”, e o recorrente non fixo uso de tal prerrogativa.

Como puntualización procede indicar que o propio recorrente SAMYL, S.L xa se presentou ao anterior contrato que licitou o Concello de Vigo co mesmo obxecto (Exp: 81/441), no que o PCAP incluía tamén coeficientes correctores na valoración dos criterios por fórmula. Naquela ocasión a empresa non manifestou descoñecemento sobre a aplicación dos coeficientes, nin tampouco presentou recursos aos pregos nin á adxudicación”.

En consecuencia, á vista do alegado, en opinión da técnica que subscribe, procede solicitar a desestimación destas alegacións polo TACGAL, caso de ser admitido o recurso.

-VI-

Conclusiones

Á vista do exposto ó longo deste informe, en opinión da informante, procede solicitar do Tribunal a inadmisión do recurso.

Con respecto ao fondo do recurso, por se o Tribunal considera que debe admitirse o mesmo, unha vez analizados, no fundamento xurídico V deste informe, os motivos alegados polo recorrente para a impugnación, procede solicitar do Tribunal a desestimación das alegacións formuladas polo mesmo no seu escrito de recurso, polas razóns esgrimidas no citado fundamento xurídico.

-VII-

Medidas cautelares

A lei prevé que o recorrente poida solicitar do órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1785/1102

Así mesmo, a lei configura no artigo 53 a medida cautelar de suspensión do procedemento, como efecto derivado da interposición do recurso, máis so no caso de que o acto impugnado sexa o de adxudicación do procedemento, como sucedería neste caso se o Tribunal admitise o recurso.

Á vista do exposto solicítase do Tribunal a adopción da medida cautelar de suspensión para o caso de que acorde admitir o recurso.

-VIII-

Acordo

En mérito ao exposto, se propón á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar o presente informe.

2º.-Dar traslado do mesmo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(932).- INFORME AO RECURSO ESPECIAL PRESENTADO POR NORTEX OUTSOURCING GLOBAL, SL, E NORINTEGRA, SL, CONTRA A ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DAS DEPENDENCIAS DA CASA DO CONCELLO E OUTROS EDIFICIOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS. EXPTE. 8173/252.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 15/11/2024. asinado pola xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.

- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo de limpeza das dependencias da Casa do Concello e outros edificios e instalacións municipais do Concello de Vigo (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo de limpeza das dependencias da Casa do Concello e outros edificios e instalacións municipais do Concello de Vigo (PPT).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 9 de agosto de 2024, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en diante XGL), aprobou o expediente de contratación, por procedemento aberto do servizo de limpeza das dependencias da Casa do Concello e outros edificios e instalacións municipais do Concello de Vigo, así como a autorización do correspondente gasto e a apertura do procedemento de licitación.

Segundo.- O anuncio de licitación deste procedemento publicouse o 13 de agosto de 2024 no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, iniciándose o prazo de presentación de ofertas ese mesmo día e fixándose como data final o 9 de setembro de 2024 as 23.59.

Terceiro.- En data 30 de agosto de 2024, D^a. María do Tránsito Fernández Fernández, en nome e representación da Federación de Servizos da Confederación Intersindical Galega na súa cualidade de secretaria Nacional, interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1785/1102

Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), impugnando o Prego de Prescricións Técnicas Particulares que rexe a presente licitación. Este recurso foi inadmitido por resolución do TACGAL nº 137/2024 de 19 de setembro de 2024

Cuarto.- En data 2 de setembro de 2024, D^a. María do Tránsito Fernández Fernández, en nome e representación da Federación de Servizos da Confederación Intersindical Galega na súa cualidade de secretaria Nacional, interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), impugnando a memoria económica elaborada polo órgano de contratación no marco do expediente de referencia. Este recurso foi desestimado por resolución do TACGAL nº 141/2024 de 24 de setembro de 2024.

Quinto.- Durante o prazo de presentación de ofertas presentaron oferta os seguintes licitadores:

1. LIMPIEZAS CIES, SL
2. UTE NORTEX OUTSOURCING GLOBAL, SL (80 %) - NORINTEGRA, S.L. (20 %)
3. ONET IBERIA SOLUCIONES, SAU
4. SAMYL FACILITY SERVICES, SL
5. SENIOR, SERVICIOS INTEGRALES, SA
6. SERVICIOS INDUSTRIALES REUNIDOS, SAU

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de 27 de setembro de 2024, tras a apertura e cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", acordou admitilos a todos neste procedemento e a continuación procedeu a apertura do sobre B e a solicitar informe técnico ao servizo xestor.

Sexto.- A Mesa, en sesión de 3 de outubro de 2024, aceptou o informe asinado polo xefe do Servizo de Limpeza o 30 de setembro de 2024 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" e acordou excluír deste procedemento a LIMPIEZAS CIES, SL por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A do Anexo I (FEC) do PCAP. Na mesma sesión se procedeu a apertura e descriptación do sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos, e a solicitar informe de valoración ao servizo xestor. Así mesmo iniciouse o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con SENIOR, SERVICIOS INTEGRALES, SA., por conter a súa oferta valores anormais.

Sétimo.- Na sesión da Mesa de Contratación do 10 de outubro acordouse aceptar a xustificación da baixa con valores anormais ou desproporcionados presentada por SENIOR, SERVICIOS INTEGRALES, SA. A continuación entregouse o informe asinado polo xefe do Servizo de Limpeza e o xefe da Área de Inversións o 7 de outubro de 2024 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación. Por último a Mesa acordou clasificar aos licitadores na seguinte orde descendente:

ORDE	EMPRESAS LICITADORAS	PUNTUACIÓN TOTAL
1º	ONET IBERIA SOLUCIONES, SAU	84,86

2º	UTE NORTEX OUTSOURCING GLOBAL, SL - NORINTEGRA, S.L.	78,03
3º	SAMYL FACILITY SERVICES, SL	72,64
4º	SENIOR, SERVICIOS INTEGRALES, SA	62,91
5º	SERVICIOS INDUSTRIALES REUNIDOS, SAU	30,19

así como solicitar documentación ao primeiro clasificado.

Oitavo.- En data 18 de outubro de 2024 a XGL acordou a adxudicación deste procedemento a ONET IBERIA SOLUCIONES, SAU. Este acordo foi notificado ao adxudicatario e publicado no perfil de contratante deste Concello o mesmo día.

Noveno.- En data 8 de novembro de 2024, D. Pablo Gutiérrez Pérez de Lis, en nome e representación de SAMYL FACILITY SERVICES, SL, interpón recurso especial ante o TACGAL contra a resolución da XGL de data 18 de outubro de 2024 de adxudicación deste procedemento.

Décimo.- En data 11 de novembro de 2024, D. Bartolomé Pidal Diéguez, en nome e representación de NORTEX OUTSOURCING GLOBAL, SL, e de NORINTEGRA, SL, empresas que concorreron a esta licitación conxuntamente en UTE, "UTE NORTEX NORINTEGRA", interpón recurso especial ante o TACGAL contra a resolución da XGL de data 18 de outubro de 2024 de adxudicación deste procedemento.

Undécimo.- O TACGAL notificou a esta Administración a interposición dos recursos e solicitoulle a remisión do expediente xunto co informe do órgano de contratación de ambos recursos. Recibida esta notificación, o servizo de Contratación solicitou informe ao servizo xestor do expediente, Limpeza, que os emite en data 15 de novembro.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Obxecto deste recurso especial en materia de contratación

É obxecto da presente impugnación o acordo de adxudicación do procedemento aberto do servizo de limpeza das dependencias da Casa do Concello e outros edificios e instalacións municipais do Concello de Vigo a ONET IBERIA SOLUCIONES, SAU, aprobado polo órgano de contratación o 18 de outubro de 2024.

-II-

Lexislación aplicable

É preciso comezar por determinar a lexislación aplicable ao presente contrato. Os contratos se rexen en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1785/1102

transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

-III-

Competencia do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia para a resolución do recurso

A lexislación de contratos (artigos 44 a 60 LCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe aos recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 44.1 LCSP. Estes contratos son:

- Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a tres millóns de euros, e de subministración e servizos que teñan un valor estimado superior a cen mil euros.
- Acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición que teñan por obxecto a subscripción dalgún dos contratos tipificados na letra anterior, así como os contratos baseados en calquera deles.
- Concesións de obras ou de servizos cuxo valor estimado supere os tres millóns de euros.
- Contratos administrativos especiais cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu prezo de licitación ou, noutro caso, cando o seu valor estimado sexa superior ao establecido para os contratos de servizos.
- Contratos subvencionados e as encargas cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu importe ou, noutro caso, cando este, tendo en

conta a súa duración total máis as prórrogas, sexa igual ou superior ao establecido para os contratos de servizos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 44.7 LCSP), podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando estas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 46.4 LCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

Creado o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, por acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de febreiro de 2018, procedeuse ó nomeamento dos seus membros. Este Tribunal, unha vez constituído, adoptou o acordo de establecer como data de comezo do exercicio das súas funcións, previstas no artigo 35 bis, o 2 de abril de 2018.

-IV-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

Os requisitos necesarios para a admisión do recurso se prevén nos artigos 44, 48, 50 e 51 da LCSP. Se ben a tarefa de analizar se concorren os mesmos no presente recurso lle corresponde ao Tribunal, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia, a efectos de formular alegacións sobre o fondo do mesmo no presente informe en caso de que concorran e, no caso contrario, de solicitar do Tribunal a inadmisión deste.

A) En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos ditados no curso dos procedementos de contratación citados no fundamento xurídico terceiro deste informe (artigo 44.2 LCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso, considerarase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos cales se acorde a admisión ou inadmisión de candidatos ou licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1785/1102

- c) Os acordos de adxudicación.
- d) As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da presente lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.
- e) A formalización de encargas a medios propios nos casos en que estes non cumpran os requisitos legais.
- f) Os acordos de rescate de concesións.

Así, a impugnación do acordo de adxudicación é susceptible de recurso especial en materia de contratación.

B) En relación cos **requisitos subjectivos**, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso (artigo 48 LCSP):

- As persoas físicas e xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, se visen prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto do recurso.
- As organizacións sindicais cando das actuacións ou decisións impugnables se poida deducir fundadamente que estas implican que no proceso de execución do contrato o empresario incumpra as obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores que participen na realización da prestación. En todo caso, entenderase lexitimada a organización empresarial sectorial representativa dos intereses afectados.

É dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, senon que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación *ad causam*. Para precisar esta cuestión é preciso acudir á xurisprudencia e á doutrina elaborada polos Tribunais Central e Territoriais de recursos contractuais. Neste caso, dado que o recorrente é un licitador, non ofrece dúbida a súa lexitimación para interpor o presente recurso especial.

C) Como **requisitos formais** a lei esixe que o recurso se presente por escrito (artigo 51 LCSP).

O **escrito de interposición do recurso** deberá especificar (artigo 51.1 LCSP):

- O acto do procedemento obxecto do recurso.
- Os medios de proba de que pretenda valerse o recorrente.
- As medidas cautelares cuxa adopción solicite.

Ao escrito de recurso deberá acompañarse a seguinte documentación:

- a) O documento que acredite a representación do comparecente, agás se figurase unido ás actuacións doutro recurso pendente perante o mesmo órgano, nese caso poderás solicitarse que se expida certificación para a súa unión ao procedemento.
- b) O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por habela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.
- c) A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente en que se ditase ou do boletín oficial ou perfil de contratante no que se publicou.
- d) O documento ou documentos no que funde o seu dereito.
- e) Un enderezo de correo electrónico «habilitado» ó que enviar, de conformidade coa disposición adicional décimo quinta, as comunicacións e notificacións.

O **escrito de interposición do recurso** deberá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, poderase presentar no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para resolver o recurso. Os escritos presentados en rexistros distintos destes dous últimos deberanse comunicar ao Tribunal de maneira inmediata e da forma máis rápida posible.

Circunstancias todas que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente no Rexistro Xeral do TACGAL.

D) Por último, respecto aos **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles. E a continuación establece as regras de cómputo do mesmo (artigo 50.1 e 2 LCSP):

- a) Cando se interpoña contra actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación o cómputo se iniciará a partir do día seguinte a aquel no que se tiña coñecemento da posible infracción (artigo 50.1.c).
- b) Cando se interpoña contra a adxudicación do contrato, o cómputo iniciarase a partir do día seguinte a aquel en que esta se lles notificou, de conformidade co establecido na disposición adicional décimoquinta, aos candidatos ou licitadores que fosen admitidos no procedemento (artigo 50.1.d).

O recurso foi interposto no Rexistro do TACGAL en data 11 de novembro de 2024. Dado que o acordo de adxudicación foi notificado aos licitadores e publicado no perfil de contratante o día 18 de outubro de 2024, o recurso foi presentado no prazo conferido ao efecto.

Podemos concluír, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que procede solicitar deste a admisión do recurso.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1785/1102

-V-

Motivos de impugnación da resolución recorrida

O sr. Pidal, en nome e representación de NORTEX OUTSOURCING GLOBAL, SL, e de NORINTEGRA, SL, empresas que concorreron a esta licitación conxuntamente en UTE, "UTE NORTEX NORINTEGRA", formula un único motivo de impugnación da resolución recorrida, a existencia de erros na valoración dos criterios avaliábeis mediante fórmula. Dado que se trata dunha cuestión técnica, o servizo de Contratación solicitou un informe ao xefe de Limpeza, técnico que auxiliou á Mesa de Contratación para a valoración do sobre C "Proposición avaliábeil mediante fórmula" deste procedemento.

Informa o sr. Xefe de Limpeza, en data 15 de novembro o seguinte:

"Indica o escrito no punto segundo sobre a existencia de erros na valoración de ofertas, que o informe técnico de valoración da parte de criterios de fórmula lle aplica indebidamente á empresa o factor de corrección Ka2 ao sumatorio total do apartado (a.1.1) sobre estimación da carga laboral base anual en horas efectivas de prestación, o que debe ser rectificado e valorada a oferta novamente.

A este respecto procede indicar que o apartado B do punto Nº7 das FEC do Prego de Cláusulas Administrativas do Contrato (PCAP), indica os criterios avaliábeis mediante fórmula. Para os criterios por fórmula indica o PCAP que se avaliarán dous criterios: B1 e B2, e que a cada un dos criterios se lle aplicarán os factores de corrección que se indican: Ka1, Ka2, Ka3, Kb0, Kb1, Kd0, Kd1, Kd2, Kd3 e Kd4 que aplican ao criterio B1; e Ke0, Ke1 e Ke2 que aplican ao criterio B2.

O recurso manifesta discordancia coa aplicación do coeficiente Ka2

De seguido transcríbese o teor literal do PCAP para a avaliación do apartado B1.

"...O importe da parte fixa do contrato desagregase nos seguintes conceptos:

- a) Custes de persoal.*
- b) Custes de explotación.*
- c) Gastos xerais e beneficio industrial.*
- d) Custes de amortización máis financiamento.*

Os importes destes conceptos deben ter concordancia coa oferta técnica do sobre B. En caso de discordancia aplicaranse os factores de corrección que se indicarán a continuación para cada un dos conceptos. Deste xeito, a puntuación deste criterio será a seguinte:

$$B1 = PE1 \times [1 - (Ka1 + Ka2 + Ka3 + Kb0 + Kb1 + Kd0 + Kd1 + Kd2 + Kd3 + Kd4)]$$

Se o resultado desta fórmula fose negativo outorgáranse 0 puntos no criterio B1.

A estes efectos inclúese no modelo de proposición económica do Anexo VI unha táboa de custes que deberá ser cumprimentada. A non cumprimentación da mesma será causa de exclusión."

Como se aprecia no texto transcrito literalmente, o PCAP indica que os importes da oferta económica deben ter concordancia coa oferta técnica. É importante resaltar ademais que todos os factores de corrección obtéñense da aplicación de fórmulas matemáticas polo que non existe discrecionalidade nin subxectividade. A súa función é unicamente avaliar a concordancia da oferta económica coa oferta técnica.

Para o apartado de custes de persoal o PCAP indica:

"O licitador deberá indicar os custes de persoal que aplique ao contrato tendo en conta as obrigas derivadas da lexislación laboral aplicable e as derivadas do PPTP que rexe este contrato.

Estes custes deberán corresponderse co ofertado no "PLAN DE SERVICIOS" do sobre "B".

Para calcular os custes de persoal o licitador utilizará o convenio colectivo de aplicación para o ano 2024 - ano enteiro-. A partir deste cálculo deberá estimar o custe do resto das anualidades do contrato.

Este concepto á súa vez desagregarase non seguintes apartados, que son obrigatorios:

- (a.0) Categoría Profesional segundo o convenio de aplicación. As dúas categorías profesionais que son obrigatorias son: LIMPADOR/A e PEÓN ESPECIALISTA. Neste apartado do modelo de proposición económica, o licitador deberá indicar calquera outra categoría profesional identificada dentro do PLAN DE SERVICIOS presentado na proposta técnica.*
- (a.1.1) estimación da carga laboral base anual en horas efectivas de prestación, e (a.1.2) estimación da carga laboral base anual en número de traballadores equivalentes efectivos.*
- (a.2) Salario base anual individual da categoría profesional.*
- (a.3) Plus/Convenio. Estimación global anual para toda a carga laboral efectiva da categoría.*
- (a.4) Custes Antigüidade - Estimación global anual para toda a carga laboral efectiva da categoría.*
- (a.5) Custe vacacións. Estimación global para dar cobertura á carga laboral efectiva da categoría.*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1785/1102

- (a.6) *Total custe salarial. Estimación global anual para toda a carga laboral efectiva da categoría.*
- (a.7) *Seguridade Social. Estimación global anual sobre o total dos custes salariais para toda a carga laboral efectiva da categoría profesional. Cando os custes de Seguridade Social sexan menores ao 30% do total indicado para o apartado (a.6), aos efectos de comprobar o cumprimento dos custes derivados da aplicación das normativas laborais vixentes, tal e como prevé o artigo 201 da LCSP, poderá solicitarse xustificación ao licitador sobre as eventuais bonificacións de aplicación ás obrigas dos custes da Seguridade Social para a empresa que motivarían que o custe descenda do límite indicado.*
- (a.8) *TOTAL CUSTE EMPRESA: (a.6) + (a.7).*

En caso de que os custes de persoal propostos non sexan concordantes co ofertado no PLAN DE SERVIZOS do sobre B, á puntuación sobre a oferta económica obtida neste concepto (PE1), aplicarase o factor corrector “ka” de acordo coas seguintes premisas:”

O escrito do recurso identifica os presuntos erros advertidos pola recorrente, que se transcriben neste informe e de seguido se argumentan.

Erro número 1 identificado polo recorrente:

“La desagregación insuficiente de las horas de peón especialista que presenta el pliego técnico no permite concluir como se ha hecho que la referencia ha de ser 81.574,80+5.187,00 (puesto que además de las horas de peón especialista, se incluyen horas de la categoría de especialista) que se encargan de las limpiezas programadas, resultando por lo tanto un criterio confuso.”

*A este respecto procede aclarar que a cláusula 2.1 do PPTP sobre identificación de necesidades do contrato establece unha división dos traballos a realizar en LIMPEZAS HABITUAIS OU ORDINARIAS e LIMPEZAS PROGRAMADAS, para as que asigna horas de prestación poñendo como referencia categorías profesionais das incluídas no convenio de aplicación. Establécese a categoría “LIMPADOR/A” como referencia para as horas de **limpezas habituais ou ordinarias**, e a categoría “PEÓN ESPECIALIZADO OU ESPECIALISTA ou PEÓN/LIMPADOR” como referencia das horas para **limpezas programadas**.*

*Indica a cláusula 2.1 que o PPTP trasladará posteriormente unha **proposta de horas estimadas segundo esta división**, e así ocorre na cláusula 6.3 do documento sobre horas de prestación do servizo. Nesta cláusula se indica que:*

“... Segundo a estimación efectuada a raíz da análise das diferentes zonas e do investimento en mecanización do servizo, estímase a seguinte realización necesaria do número de horas segundo a súa tipoloxía:

- HORAS ANO DE PEÓN LIMPADOR/A DE **LIMPEZAS HABITUAIS:**
81.574,80 horas

- HORAS ANO DE PEÓN, PEÓN ESPECIALISTA, ESPECIALISTA PARA **LIMPEZAS PROGRAMADAS**: 5.187,00 horas
- HORAS ANO DE ENCARGADOS, Ou OPERARIOS DESTINADOS Ao **CONTROL**: 3.458,00 horas.

As horas de xestión de servizo e de administración non son computables a efectos de horas de prestación xa que se consideran incluídas nos gastos xerais do contrato.

As horas indicadas anteriormente resultan dos cálculos e análises realizadas polos servizos técnicos municipais na Memoria xustificativa do contrato. Cada licitador na súa oferta debe aplicar o resultado da súa análise para a obtención do persoal equivalente e a determinación do prezo do contrato que oferte. Nunca poderán ser inferiores á porcentaxe aquí indicada, e si son superiores deberá tamén xustificalo.”

A indicada na cláusula 6.3 é a proposta de horas estimadas polo órgano de contratación para a prestación total do servizo: 81.574,80 horas para traballos de limpeza habituais e 5.187,00 horas para traballos de limpeza programadas. En total:

$$81.574,80 \text{ horas} + 5.187,00 \text{ horas} = 86.761,80 \text{ horas}$$

Establece polo tanto a cláusula 6.3 do PPTP 86.761,80 horas (epígrafes A + B da cláusula 2.1 do prego), de **traballo de execución directa** para a prestación, que terán que compararse coas horas propostas pola empresa (A+B da empresa). Establece a mesma cláusula **3.458,00 horas para control do traballo que non serán de execución directa.**

A cláusula 2.1 do PPTP indica ademais que cada licitador determinará a dotación horaria que ao seu criterio destinará a cada unha delas: horas de limpeza habituais ou ordinarias e horas de limpeza programadas. As horas dos traballadores que non realizan traballos de execución directa quedan encadradas no epígrafe C da cláusula aludida, tal como é o caso por exemplo do encargado, e non se suman ás de prestación directa.

A cláusula establece tamén que cada licitador na súa oferta debe aplicar o resultado da súa propia análise para obter o persoal que necesite para prestar o servizo. Logo se comparan as horas estimadas de prestación directa do PPTP coas horas ofertadas pola empresa para este mesmo concepto.

O órgano de contratación non pode nin debe limitar os traballos habituais nin os programados, a unhas categorías profesionais concretas, xa que cada licitador ten a liberdade de organizar o traballo segundo o seu propio criterio e os recursos dispoñibles. O que si fai o prego é establecer como referencia unhas categorías de traballadores para poder cuantificalas e valoralas na memoria económica. O prego é aberto no que respecta ás categorías laborais dado que cada licitador decide sobre a súa plantilla, pero é estrito no referente ás horas empregadas para a prestación.

O prego técnico non establece polo tanto unha desagregación insuficiente das horas de peón especialista tal como manifesta o recorrente. De feito o



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1785/1102

PPTP non desagrega as horas de peón especialista de ningún xeito, e non o pode facer porque cada licitador na súa liberdade organizativa pode destinar aos traballador ás tarefas que considere, ben a limpeza habituals ou ben a limpeza programadas ou a tarefas de control.

O criterio non é confuso como manifesta o recorrente, dado que como vai dito indica claramente que para os custes de persoal, o **licitador deberá indicar todos os que aplique ao contrato tendo en conta as obrigas** derivadas da lexislación laboral e as obrigas **derivadas do cumprimento do PPTP**. O prego obriga a cuantificar a dotación horaria que o licitador ao seu criterio destinará ás horas de limpeza habituals ou ordinarias e ás horas de limpeza programadas (epígrafes A e B da cláusula 2.1).

Esta estimación da carga laboral base anual en horas de prestación debe quedar reflectida no punto (a.1.1) do orzamento detallado da oferta, indicando todas as categorías laborais que o licitador teña identificadas no seu proxecto técnico (sobre B da oferta).

Erro número 2 identificado polo recorrente :

En el mismo sentido, NORTEX-NORINTEGRA UTE siguiendo las directrices del pliego:

Neste apartado do modelo de proposición económica, o licitador deberá indicar calquera outra categoría profesional identificada dentro do PLAN DE SERVICIOS presentado na proposta técnica.

Y en consonancia con las categorías del listado de subrogación establece un desglose con las categorías que indicamos a continuación:

(a.0) Categoría Profesional segundo o convenio de aplicación	(a.1.1) Estimación da carga laboral base anual en horas efectivas de prestación
Limpiador/a	80.855,47
Responsable de Equipo	3.461,84
Especialista	1.730,92
Supervisor o Encargado de Zona	1.736,00
Conductor/Limpiador	1.730,92
Peon Especialista o Cristalero Es	2.987,29
	-
	-
	-
	-
	-
	-
	-
	-
Totals	92.482,44

En este punto, en el informe se considera que las horas que NORTEX-NORINTEGRA UTE oferta son de una manera totalmente simplificada:

$Horas\ totales - Horas\ de\ Encargado-a = 90.746,44$

Cuando en sentido estricto y tal como se definía el criterio deberían ser Limpiador y Peón Especialista.

A este respecto procede indicar que a valoración dos custes de persoal da oferta faise atendendo ao indicado no punto B do apartado 7 das FEC do PCAP.

O licitador UTE NORTEX-NORINTEGRA indica na súa oferta para este apartado:

O licitador debe indicar os custes relacionados coas obrigas do convenio colectivo de aplicación para o ano 2024 - ano enteiro- de acordo coa proposta organizativa proposta por cada licitador. Este calculo é un valor estimado para poder xustificar os custes de aplicación a cada unha das anualidades que se indica no quadro de cada ano da licitación

(a.0) Categoría Profesional segundo o convenio de aplicación	(a.1.1) Estimación da carga laboral base anual en horas efectivas de prestación	(a.1.2) estimación da carga laboral base anual en número de traballadores equivalentes efectivos	(a.2) Salario base anual individual da categoría profesional	(a.3) Plus/Convenio. Estimación global anual para toda a carga laboral efectiva da categoría	(a.4) Custes Antigüidade - Estimación global da carga anual para toda a carga laboral efectiva da categoría	Otros gastos de ser necesarios	(a.5) Custe vacacións. Estimación global anual para toda a carga laboral efectiva da categoría	(a.6) TOTAL CUSTE SALARIAL. Estimación global anual para toda a carga laboral efectiva da categoría	(a.7) Seguridade Social. Estimación anual para toda a carga laboral efectiva da categoría	(a.8) TOTAL CUSTE EMPRESA (a.6+a.7)
Limpiador/a	80.855,47	52,00	16.993,44 €	39.582,35 €	130.521,83 €	10.242,17 €	71.447,25 €	1.135.402,92 €	249.603,08 €	1.385.006,00 €
Responsable de Equipo	3.461,84	2,23	17.677,92 €	1.748,88 €	12.364,60 €	3.407,64 €	1.717,81 €	58.594,65 €	14.233,97 €	72.828,62 €
Especialista	1.730,92	1,11	18.572,00 €	917,74 €	6.153,14 €	1.377,59 €	1.547,67 €	30.669,23 €	7.445,73 €	38.114,96 €
Supervisor o Encargado de Zona	1.736,00	1,12	22.713,12 €	874,44 €	- €	0,00 €	559,38 €	26.790,72 €	6.530,56 €	33.321,28 €
Conductor/Limpiador	1.730,92	1,11	19.878,88 €	917,74 €	4.390,75 €	308,07 €	1.656,57 €	29.400,95 €	7.102,32 €	36.503,27 €
Peon Especialista o Cristalero Es	2.967,29	1,11	17.156,48 €	917,74 €	5.684,16 €	993,36 €	1.429,71 €	28.068,66 €	6.810,41 €	34.879,07 €
	-	-	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €
	-	-	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €
	-	-	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €
	-	-	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €
	-	-	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €
	-	-	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €
	-	-	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €
	-	-	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €
	-	-	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €
	-	-	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €
	-	-	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €
	-	-	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €
Totals	92.482,44	58,68	112.991,84 €	44.958,89 €	159.114,47 €	16.328,83 €	78.358,39 €	1.308.927,13 €	291.726,07 €	1.600.653,19 €

TOTAL CUSTES PERSOAL PARTE FIXA DO CONTRATO

Aplicación do coeficiente corrector Ka2:

Ka2

o PCAP indica:

“Cando o sumatorio total do apartado (a.1.1) no modelo de proposición económica para as categorías de LIMPADOR/A e PEÓN ESPECIALISTA, non se corresponda coas “horas de prestación do servizo” establecida na cláusula 6.3 do PPTP (expresada en horas), se lle aplicará o factor corrector “Ka2”.

O cálculo realizarase por diferenza porcentual: $Dp\% = \frac{[horas\ de\ prestación\ do\ servizo\ do\ PPTP - horas\ de\ prestación\ do\ servizo\ da\ oferta\ (a.1.1)]}{[horas\ de\ prestación\ do\ servizo\ do\ PPTP]}$ en valor absoluto, multiplicado por 100.

Como é en valor absoluto, resultará sempre un valor positivo.

O factor corrector será:

- Ka2=0,050 para unha diferenza porcentual (Dp%) igual ou maior do 1,00% e menor do 2,50%
- Ka2=0,100 para unha diferenza porcentual (Dp%) igual ou maior do 2,50% e menor do 3,50%
- Ka2=0,200 para unha diferenza porcentual (Dp%) igual ou maior do 3,50% e menor do 5,00%
- se a diferenza porcentual (Dp%) é igual ou maior do 5,00%, Ka2=0,600”

Como quedou dito, a cláusula 2.1 do PPTP establécese claramente que a categoría LIMPADOR/A do PCAP refírese ás horas de limpezas habituais ou ordinarias, e que a



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1785/1102

categoría “PEÓN ESPECIALISTA” refírese ás horas para limpeza programadas. Indica ademais que cada licitador determinará a dotación horaria que ao seu criterio destinará a cada unha delas: horas de limpeza habituais ou ordinarias e horas de limpeza programadas (epígrafes A e B da cláusula 2.1 do PPTP). As horas de traballadores que non realizan traballos de execución directa quedan encadradas no epígrafe C.

Neste caso o licitador UTE NORTEX-NORINTEGRA indica seis categorías profesionais no apartado (a.1.1) do modelo de proposición económica:

(a.0) Categoría Profesional segundo o convenio de aplicación	(a.1.1) Estimación da carga laboral base anual en horas efectivas de prestación
Limpiador/a	80.855,47
Responsable de Equipo	3.461,84
Especialista	1.730,92
Supervisor o Encargado de Zona	1.736,00
Conductor/Limpiador	1.730,92
Peon Especialista o Cristalero Es	2.967,29
	-
	-
	-
	-
	-
	-
	-
	-
	-
	-
	-
	-
	-
Totais	92.482,44

O coeficiente corrector Ka2 compara o sumatorio total do apartado (a.1.1) no modelo de proposición económica que presenta o licitador para as limpeza habituais e para limpeza programadas, coas horas de prestación do servizo establecidas na cláusula 6.3 do PPTP. Deixa fora as horas de traballadores que non realizan traballos de execución directa.

O total de horas ofertadas pola empresa UTE NORTEX-NORINTEGRA no apartado (a.1.1) é de 92.482,44 para todas as seis categorías (A+B+C). Delas 1.736,00 horas corresponden á categoría de “supervisor o encargado de zona”.

Analizando a oferta técnica realizada pola empresa, no apartado 1.2 do documento PV1 sobre recursos humanos a disposición do contrato, nas páxinas 8 e 9 indica que **adicará un “encargado do servizo” que será o responsable da supervisión** directa do día a día do contrato e pertencente ao listado de subrogación. Presenta na páxina 9 dese documento un organigrama no que aparece esta figura dependendo do responsable do servizo, e na páxina 10 do documento, titulado co epígrafe “1.2.1.- Funciograma del servizo”, aparecen as funcións deste posto de traballo nas

que se identifica claramente que é un **traballador destinado ao control** (non realiza traballos de limpeza habituais “tipo A segundo cláusula 2.1 do PPTP” nin traballos de limpeza programadas “tipo B segundo cláusula 2.1”), polo que conforme ao indicado no apartado de custes de persoal é un traballador da categoría “tipo C” e debe detraerse do total de horas de prestación directa da oferta.

Na páxina 9 do documento PV2 presentado pola mercantil baixo o epígrafe “2.2 resultados globales del estudio y propuesta de horas”, indica no pe da táboa que “**en las horas de limpieza no se consideran las de encargada pues suponemos liberada**”. O resto de horas indicadas na táboa desta páxina da oferta para todas as demais categorías profesionais, suman como horas de traballo de execución directa no contrato.

Deste xeito e para a oferta da empresa:

$$92.482,44 \text{ horas} - 1.736,00 \text{ horas} = 90.746,44 \text{ horas (A+B da empresa)}$$

Estas 90.746,44 horas son as que oferta a empresa para traballos de limpeza habituais (epígrafe A da cláusula 2.1 do PPTP) e limpeza programadas (epígrafe B da cláusula 2.1 do PPTP), e polo tanto é a cifra que debe compararse coas horas de prestación do servizo establecidas na cláusula 6.3 do PPTP: 81.574,80 horas para limpeza habituais e 5.187,00 horas para limpeza programadas, calculadas anteriormente (86.761,80 horas totais).

Indica o PCAP que o cálculo realizarase por diferenza porcentual: $Dp\% = \frac{[\text{horas de prestación do servizo do PPTP} - \text{horas de prestación do servizo da oferta (a.1.1)}]}{[\text{horas de prestación do servizo do PPTP}]}$ en valor absoluto, multiplicado por 100.

$$\frac{[(86.761,80 - 90.746,44)]}{86.761,80} \times 100 = 4,59\%$$

Polo que $Ka2=0,200$ para unha diferenza porcentual ($Dp\%$) igual ou maior do 3,50% e menor do 5,00%

Vese claramente que o informe técnico de valoración **non considera as horas ofertadas pola empresa dunha maneira totalmente simplificada tal como manifesta o recurso**, senón que considera as horas detalladas na oferta tal como as define a empresa no seu documento técnico. Unha vez analizada a documentación técnica, o informe de valoración aplica o coeficiente corrector mediante a fórmula matemática definida no PCAP, polo que non existe subxectividade nin arbitrariedade.

Erro número 3 identificado polo recorrente:

“Dentro de esta simplificación en la consideración de horas que oferta la UTE, se incluyen además: la mejora en horas de servicio ordinario (370 hs destinadas a Policía y Auditorio), además de las horas de mejora en los trabajos de peón especialista (1.100 hs de mejora destinada a los trabajos de ruta y logística). Mejoras que aparecen claramente reflejadas y cuantificadas en el cuadro resumen de los documentos de la parte valorable mediante juicio de valor PV2 y PV3. Dándose la paradoja que una mejora propuesta para el servicio, (determinada de una manera justificada a través de los estudios de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1785/1102

rendimientos y la información de la visita), pueda ser valorada positivamente en la parte de juicio de valor, y sea corregida negativamente en la parte puntuable mediante fórmula.”

A este respecto procede indicar que o PCAP non establece criterios de mellora avaliados economicamente, polo que as horas que indica o recorrente efectivamente foron tidas en conta na valoración do sobre “B” e computan no total de horas de prestación directa. Son horas que o licitador necesita para a correcta prestación do servizo ao seu criterio e polo tanto as cuantifica logo na súa oferta económica.

Non ten razón o recorrente cando manifesta que o que el considera “mellora” sexa corrixida negativamente na parte puntuable mediante fórmula. A valoración de ofertas mediante fórmula é aséptica e non introduce ningún criterio arbitrario que modifique os detallados no PCAP. Non se corrixe negativamente a oferta, senón que se compara a cifra en horas que o licitador propón para a execución directa do servizo coa cifra en horas que establece o PPTP como referencia para determinar o coeficiente corrector Ka2 que logo se aplica.

CONCLUSIÓN

*Como queda demostrado neste informe, a determinación do coeficiente corrector Ka2 é correcta, así como tamén a súa aplicación, conforme ao indicado no pregos de condicións que rexen o contrato e á oferta da empresa. En tal sentido **non procede unha nova avaliación da oferta tal como solicita o recorrente”**.*

En consecuencia, á vista do alegado, en opinión da técnica que subscribe, procede solicitar a desestimación destas alegacións polo TACGAL, caso de ser admitido o recurso.

-VI-

Conclusiones

Á vista do exposto ó longo deste informe, en opinión da informante, procede solicitar do Tribunal a admisión do recurso.

Con respecto ao fondo do recurso, por se o Tribunal considera que debe admitirse o mesmo, unha vez analizados, no fundamento xurídico V deste informe, os motivos alegados polo recorrente para a impugnación do acordo de adxudicación, procede solicitar do Tribunal, a desestimación das alegacións formuladas polo mesmo no seu escrito de recurso, polas razóns esgrimidas no citado fundamento xurídico.

-VII-

Medidas cautelares

A lei prevé que o recorrente poida solicitar do órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados.

Así mesmo, a lei configura no artigo 53 a medida cautelar de suspensión do procedemento, como efecto derivado da interposición do recurso, máis so no caso de que o acto impugnado sexa o de adxudicación do procedemento.

No caso que nos ocupa o recorrente non solicitou a suspensión do procedemento. Esta Administración considera adecuado para o interese público suspender o procedemento, pois de continuar coa tramitación se producirían danos de difícil ou imposible reparación por canto é probable que o contrato poida adxudicarse e formalizarse antes de que se resolva o presente recurso.

Á vista do exposto solicítase do Tribunal a adopción da medida cautelar de suspensión para o caso de que acorde admitir o recurso.

-VIII-

Acordo

En mérito ao exposto, se propón á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar o presente informe.

2º.-Dar traslado do mesmo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(933).- AUTORIZACIÓN DE ASISTENCIA DE PERSOAL DA POLICÍA LOCAL COMO COOPERADOR POLA DANA DA COMUNIDADE DE VALENCIA. EXPTE. 562/2153.

Visto o informe de fiscalización de data 18/11/2024, sométese a aprobación o informe-proposta da mesma data asinado polo intendente da Policía Local e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro.- O 29 de outubro de 2024, por efectos dunha Depresión Illada en Niveis Altos (DANA en adiante), produciuse un desastre natural, con especial incidencia na Comunidade Valenciana. Dita tormenta tivo a denominación técnica de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1785/1102

sistema convectivo de mesoescala 4, que provocou chuvias torrenciais que acumularon cerca de 500 L/m² nalgúns puntos, ocasionando desbordamentos de ríos e barrancos na vertente mediterránea e unha serie de inundacións lóstrego que foron especialmente catastróficas na provincia de Valencia, ocasionando un número por determinar de falecidos e cuantiosos danos materiais.

Un dos municipios máis afectados polo citado desastre natural foi o Ayuntamiento de Paiporta, sito na provincia de Valencia, na comarca da Horta Sur, na área metropolitana de Valencia.

Segundo.- O sábado 16 de novembro de 2024 a Alcaldesa do Excmo. Ayuntamiento de Paiporta solicita a colaboración de policía locais do Concello de Vigo para tarefas de auxilio da veciñanza polos danos causados pola DANA, á vista da Resolución do Director da Axencia Valenciana de Seguridade e Resposta ás Emerxencias (AVSRE) pola que se acorda a coordinación de todos os corpos de policía local que participan na realización das actuacións necesarias, para paliar os efectos producidos polo temporal de vento e choivas iniciado na Comunidade Valenciana o día 29 de outubro de 2024 e polo que, apróbase a coordinación das actuacións dos corpos de policía local dos diferentes municipios do territorio español que están colaborando xunto cos corpos de policía local da Comunidade Valenciana para a restitución da normalidade.

Ditas necesidades pasan polo inmediato traslado ao lugar dos feitos reseñados de persoal policial técnicamente cualificado para cooperar nas labores oportunas que se encomenden para a restitución da normalidade na zona afectada.

Incorpórase ao expediente o email da Alcaldesa do Excmo. Ayuntamiento de Paiporta

Terceiro.- A Área de goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, estima idóneo enviar aos seguintes funcionarios de carreira, con postos de Policía Local, en comisión de servizo con dereito a indemnización que a continuación se relacionan:

Núm Persoal	Nome	Apelidos	DNI	Posto
18425	Ramón	Pérez Rodríguez	***8490**	Inspector
18336	Ricardo Santos	Parga Blanco	***7795**	Policía
85060	Luis	Castro Barciela	***0743**	Policía
85043	Sergio José	Rodríguez Domín- guez	***7556**	Policía

85052	Sergio	Piñeiro Calvo	***2064**	Policía
84904	Alex	Anido Lobato	***5511**	Policía
84905	Manuel	Freire Rodríguez	***7509**	Policía
81824	Alberto	González Martínez	***5145**	Policía
80593	Jesús Marco	González Castillo	***7717**	Policía
84989	Manuel Ángel	Vila Sánchez	***1925**	Policía

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro.- De conformidade co establecido no art 141.3 da Lei 40/20215, de 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público, a Administración Xeral do Estado, as das CCAA e as das Entidades Locais deberán colaborar e auxiliarse para a execución dos seus actos que haxan de realizarse ou teñan efectos fora dos seus respectivos ámbitos territoriais.

Segundo.- A competencia para autorizar a comisión de servizo e as indemnizacións a cuxo devengo da lugar a execución da mesma corresponde á Xunta de Goberno Local, de conformidade coas prescricións do art. 127 g), h) da Lei 7/1985, de Bases do Réxime Local.

Terceiro.- A duración da comisión de servizo terá unha duración de 8 días, comenzando o martes 19 e ata o martes 26 de novembro de 2024.

A Xefatura da Policía Local do Ayuntamiento de Paiporta, según a aplicación Google Maps, dista a 956 Km da Xefatura da Policía Local do Concello de Vigo.

Cuarto.- De conformidade co art. 10, 18 e concordantes do RD 462/2002, aos funcionarios do SEIS e da Policía Local encadrados nos grupos 2 y 3, segundo o Anexo I da citada disposición, a Orden EHA/3770/2005, de 1 de decembro, o Acordo do Consello de Ministros de 2 de decembro de 2005, polo que se revisa o importe das dietas en territorio nacional establecidas no anexo I, correspóndenlle percibir a cada un deles:

- Inspector de Policía (Grupo 2): 826,96 euros en concepto de dieta enteira (527,76 euros en concepto de aloxamento e 299,20 euros en concepto de manutención).

- Policía Local (Grupo 3): 617,04 euros en concepto de dieta enteira (391,36 euros en concepto de aloxamento e 225,68 euros en concepto de manutención).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1785/1102

Na aplicación orzamentaria da área de gasto de Seguridade **1360.2302000 (dietas para persoal)** e no seu nivel de vinculación existe crédito adecuado e suficiente para dar cobertura aos gastos por importe de **6.380,32 euros**.

O traslado á Comunidade Valenciana farase en vehículos oficiais do propio Servizo de Policía.

Cada funcionario policial irá provisto do seus medios técnicos de dotación individual e de dotación colectiva.

Á finalización da prestación do servizo encomendado, tramitarase a correspondente nota de gastos de maneira individualizada, previa comprobación das xustificacións de gasto.

Quinto.- A situación de emerxencia de protección civil acontecido na CCAA Valenciana é un feito notorio, e a urxencia na prestación dos medios condición indispensable de eficiencia e eficacia para o salvamento de vidas, a protección dos bens, e o máis inmediato restablecemento da situación creada (arts. 16 y 17 da Lei 17/2015 do Sistema Nacional de Protección Civil).

En vista de canto antecede, o funcionario que subscribe, previos os informes que legalmente correspondan polo servizo municipal de Intervención, ven en propoñer á Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal que eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte,

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

1.- Autorizar aos funcionarios de carreira con posto no servizo de Policía Local que se indican a continuación para o traslado ao Ayuntamiento de Paiporta e realización dos traballos de cooperación e competencias propios que correspondan como persoal técnico cualificado dimanantes dos efectos da DANA acaecida na Comunidade Valenciana o pasado 29/10/2024:

Núm Persoal	Nome	Apelidos	DNI	Posto
--------------------	-------------	-----------------	------------	--------------

18425	Ramón	Pérez Rodríguez	***8490**	Inspector
18336	Ricardo Santos	Parga Blanco	***7795**	Policía
85060	Luis	Castro Barciela	***0743**	Policía
85043	Sergio José	Rodríguez Domín- guez	***7556**	Policía
85052	Sergio	Piñeiro Calvo	***2064**	Policía
84904	Alex	Anido Lobato	***5511**	Policía
84905	Manuel	Freire Rodríguez	***7509**	Policía
81824	Alberto	González Martínez	***5145**	Policía
80593	Jesús Marco	González Castillo	***7717**	Policía
84989	Manuel Ángel	Vila Sánchez	***1925**	Policía

2.- A comisión terá a seguinte duración:

–Saída o martes 19 de novembro de 2024 ás 07:00 horas.

–Regreso o martes 26 de novembro de 2024 despois das 07:00 horas.

3.- O traslado ao Concello de Paiporta (Valencia) farase en vehículos oficiais do propio servizo de Policía Local, o cal dista do Concello de Vigo a 956 Km.

Cada funcionario policial irá provisto do seus medios técnicos de dotación individual e de dotación colectiva.

4.- Autorizar o gasto de **6.380,32 euros** polas dietas devengadas na duración da comisión, con cargo á aplicación orzamentaria do servizo 1320.2302000 (dietas para persoal), correspondéndolle a cada funcionario:

- Inspector de Policía: 826,96 euros.

- Policía Local: 617,04 euros.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas. Como secretaria dou fe.

PSD/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1785/1102

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez.